

**3**

**ORDENACIÓN ACADÉMICA  
E REFORMA EDUCATIVA**



### **III.1. O TRÁNSITO DA LXE PARA A LOXSE. NOTAS INTRODUCTORIAS**

---

O proceso que ten conducido á actual xeneralización das novas estruturas e currícula iniciouse en Galicia cos programas de experimentación da Reforma das Ensinanzas Medias (REM) e no Ciclo Superior de EXB, a partir dos cursos 1983/84 e 1984/85, respectivamente. Non parece esaxerado afirmar que estes programas experimentais escasamente cumpriron a función coa que teoricamente foran concibidos, de xeito que os actuais currícula que a LOXSE, e as disposicións complementarias do MEC, e da Consellería de Educación na nosa Comunidade, están a implantar, pouco deben a aquela experimentación.

Coa promulgación da Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, do 3 de outubro de 1990, a fase experimental abre camiño á implantación e xeneralización da reforma educativa. O calendario inicialmente previsto (Real Decreto 986/1991 do 14 de xuño de 1991) sofre unha sensible modificación a mediados de 1993 (Real Decreto 535/1993 do 12 de abril de 1993), que retrasa a definitiva xeneralización do novo sistema educativo ata a simbólica fronteira do ano dous mil. Este retraso afectará especialmente á implantación dos novos estudos secundarios.

Non obstante, as administracións educativas salientan a súa vontade de -aínda con este inevitable retraso- axiliza-lo máximo posible o proceso de implantación e de aí que se admita, e aínda se potencia, a anticipación da nova etapa de Ensinanza Secundaria Obrigatoria. Esta anticipación pode facerse comezando tanto no primeiro ciclo, coma no segundo, o que, sen dúbida, encaixa dificilmente co carácter unitario que se atribúe á nova etapa.

Por outra parte, esta anticipación pode facerse tanto nos colexios públicos onde se imparte a actual EXB (neste caso, os alumnos de 7º de EXB pasan a chamarse alumnos de 1º da ESO, co conseguinte cambio de currícula), coma nos centros da actual FP ou nos Institutos de Bacharelato (nestoutro, os alumnos de 1º de FP 1, ou de 1º de BUP, pasan a ser de 3º da ESO).

Na formación profesional, que é sen dúbida outro dos grandes retos da reforma, os cambios están a ser particularmente lentos, sen que o modelo definitivo que a reforma propón acabe de adquirir un deseño concluínte.

Todo isto está a xerar incerteza entre os distintos sectores da comunidade educativa. Entre os pais e nais; entre os docentes, porque non sempre comprenden ben os obxectivos renovadores que a reforma persegue, e porque as indefinicións do novo modelo lles transmiten inseguridade respecto do seu futuro profesional; entre o alumnado, desconcertado cos cambios de planos, titulacións, contidos, etc.

Cómpre dicir, sen embargo, que as Administracións educativas están a facer un esforzo significativo en canto á difusión dos obxectivos renovadores do novo sistema educativo.

Un dos obxectivos sobre os que se vén insistindo é a modificación da concepción do traballo curricular nos centros. Nese sentido, fálase do papel central que o docente está chamado a xogar como eixe imprescindible para o éxito final da reforma. Fálase do educador como un profesional responsable que sexa quen de concibi-la súa actividade docente como un labor de continua investigación, en interacción e aberta cooperación co resto dos profesores e profesoras do seu centro de traballo, e en diálogo co resto da comunidade educativa (pais e nais, alumnos e alumnas). O Proxecto Educativo de Centro (PCE) e o Proxecto Curricular de Centro (PCC) son presentados como os instrumentos idóneos para o traballo dese novo profesional.

**É doado constatar que os novos requirimentos dirixidos ó profesorado en relación co Proxecto Educativo do Centro e co Proxecto Curricular de centro non son univocamente asumidos nin están tampouco exento de confusións. Neste sentido o Consello Escolar de Galicia considera que, con independencia da necesaria acción asesora por parte dos CEFOCOPS, debería insistirse máis no labor de formación do profesorado con vistas ós novos requirimentos, de xeito que se conxure o risco de que estes non sexan interpretados como simple esixencia burocrática.**



## III.2. A PROGRESIVA IMPLANTACIÓN DA LOXSE

---

### 2.1. Os aspectos estruturais.

#### 2.1.1. Mapa escolar.

No curso 1990/1991, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria elaborou un documento coa distribución xeográfica das prazas escolares existentes naquel momento no territorio da súa competencia.

**O Consello Escolar de Galicia considera que, por parte da Consellería de Educación, deberá acometerse con decisión a confección dun auténtico Mapa Escolar que, con independencia de reflectir a situación actual, faga tamén prospectiva dos datos demográficos e de escolarización, permitindo dese xeito efectuar as previsións que xustifiquen adecuadamente as correspondentes decisións en materia de creación, anulacións e distribucións de prazas escolares para os diferentes niveis educativos.**

#### 2.1.2. Ratios.

Nas previsións iniciais da reforma, as ratios alumnos/profesor propostas eran as seguintes:

- Educación Infantil: 20/1.
- Educación Primaria: 25/1.
- Educación Secundaria Obrigatoria: 30/1.
- Bacharelato: 35/1.

O Real Decreto 535/1993 do 12 de abril, que establece o definitivo calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo confirmou este compromiso, respecto dos centros educativos sostidos con fondos públicos, para a EP e a ESO, segundo se asenta nos seus artigos 17.1 e 17.2, se ben cun ano de demora a partir de segundo de EP e de segundo da ESO.

É dicir, se nas previsións iniciais a redución do número de alumnos por aula debería ser efectiva desde o primeiro momento para o conxunto da etapa educativa, establécese agora unha periodización de ano por curso para o cumprimento da ratio máxima. En cambio, o calendario (ver 2.2.1) prevé que cada ano se implante todo un ciclo, o que supón dous cursos.

No cadro adxunto, advírtese o sensible retraso que se vai acumulando na obrigatoriedade de aplicar a ratio nas aulas, con respecto á implantación dos niveis educativos. Cómpre salientar que nada se precisa con respecto á educación infantil e ós novos bacharelatos.

**CADRO III.1.****APLICACIÓN DAS RATIOS (RD 12 DE ABRIL DE 1993)**

<b>Curso</b>	<b>Nivel</b>	<b>Ratio</b>
92/93	1.º EP	25/1
93/94	2.º EP	25/1
94/95	3.º EP	25/1
95/96	4.º EP	25/1
96/97	1.º ESO	30/1
	2.º ESO	30/1
97/98	5.º EP	25/1
	6.º EP	25/1
98/99	3.º ESO	30/1
	4.º ESO	30/1

O artigo 17.3 do citado Real Decreto de 12 de abril de 1993 reconece a competencia das distintas Administracións educativas para adapta-los prazos de aplicación da ratio en función das súas propias previsións de planificación, e sempre dentro do prazo máximo de 10 anos contemplado na LOXSE.

Esta competencia tivo xa un reflexo normativo no caso de Galicia. A Orde do 6 de maio de 1992 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 21 de maio) establece o calendario de axuste dos centros educativos de nivel non universitario ás ratios fixadas na LOXSE, confirmando as ratios previstas na LOXSE para a EP e a ESO, pero cunha nova demora, esta vez de 2 anos: así, só no curso 1994/95 comezará a ser vixente a esixencia da ratio máxima de 25 alumnos para primeiro de EP, e en cursos sucesivos para os seguintes niveis (lémbrese que a implantación do primeiro ciclo da EP comezou no curso 1992/93); só a partir do curso 1996/97 será preceptiva a ratio máxima de 30 alumnos para primeiro da ESO, e en cursos sucesivos para os seguintes niveis (a implantación do primeiro ciclo da ESO comezará no curso 1995/96).

O cadro seguinte recolle comparativamente o proceso de aplicación das ratios en Galicia e no chamado territorio MEC.

**CADRO III.2.****APLICACIÓN DAS RATIOS (TERRITORIO MEC/GALICIA)**

<b>Curso</b>	<b>MEC</b>	<b>GALICIA</b>
92/93	1.º EP	
93/94	2.º EP	
94/95	3.º EP	1.º EP
95/96	4.º EP	2.º EP
96/97	1.º ESO	
	5.º EP	3.º EP
97/98	2.º ESO	1.º ESO
	6.º EP	4.º EP
98/99	3.º ESO	2.º ESO
	4.º ESO	5.º EP
1999/2000		3.º ESO
	—	6.º EP
		4.º ESO

Non obstante, a Administración educativa ten expresado a súa intención de inmediato cumprimento destas ratios, no caso dos centros que estean a implanta-la anticipación da ESO.

Na mesma Orde da Consellería de Educación, establécese a ratio para o segundo ciclo de EI nun máximo de 25 nenos ou nenas por profesor ou profesora. Só no caso de que un profesor ou profesora teña nenos e nenas de varios niveis nun só grupo, incluíndo algún neno ou nena de 3 anos, a ratio máxima pasará a ser de 20. Por outra parte, a imposición dese máximo demórase ata o curso 1992/93 (lémbrese que a implantación gradual ten comezado no curso 1991/92) no caso dos grupos con rapaces e rapazas de 3 e 4 anos, e ata o curso 1993/94, nos grupos de 5 anos. Cómpre sinalar que esta demora está afectando, en Galicia, especificamente ó alumnado dos centros privados como se puxo de manifesto no Cap. II.2.

**O Consello Escolar de Galicia constata con preocupación a diferente aplicación na temporalización da ratio máxima en Galicia, con relación ó resto de España, instando á Administración Educativa a que modifique esa temporalización, axeitándoa ós ritmos que se están a seguir no Estado.**

### *2.1.3. Novas estruturas de apoio no propio centro.*

#### *A. Servicios de orientación educativa nos centros.*

O artigo 60.2 da LOXSE sinala o seguinte: "As Administracións educativas garantirán a orientación académica, psicopedagóxica e profesional dos alumnos, especialmente no que se refire ás distintas opcións educativas, e á transición do sistema educativo ó mundo laboral, prestando singular atención á superación de hábitos sociais discriminatorios que condicionan o acceso ós diferentes estudos e profesións. A coordinación das actividades de orientación serán realizadas por profesionais coa debida preparación. Así mesmo as Administracións educativas garantirán a relación entre estas actividades e as que desenvolvan as Administracións locais neste campo.

Cómpre ter en conta, por outra parte, a importancia destes servicios en relación con algúns dos obxectivos máis salientados do cambio de modelo educativo: a educación individualizada, o tratamento da diversidade, a integración educativa de alumnos e alumnas con minusvalías, a modificación dos hábitos avaliadores, desde unha avaliación estritamente selectiva e cuantitativa a outra formativa e cualitativa, entre outros aspectos que se vinculan coa calidade do ensino.

Polo que respecta ós Servicios de Orientación nos Centros dáse unha dobre situación en función da etapa educativa. Nos centros de ensino básico a organización do servicio de orientación psicopedagóxica é normalmente iniciativa daqueles equipos docentes que deciden acollerse ás posibilidades que lles ofrece o apartado 3.1.3 da Orde do 15 de xullo de 1991, pola que se regula a organización e funcionamento dos centros de educación infantil, educación xeral básica, educación especial e educación permanente de adultos, segundo o cal:

*"Os Centros, preferentemente cando contén con algún profesor licenciado en Pedagogía ou Psicología, procurarán poñer en marcha o Departamento de Orientación, no que se integrarán o Xefe de Estudos, e os Coordinadores de Ciclo ou Nivel coa colaboración dos profesores titulares cando sexan requiridos, e centrarán a súa actuación na realización das tarefas de orientación escolar, persoal e vocacional dos alumnos do centro, especialmente nos momentos críticos da súa escolarización e baixo a coordinación dos Equipos Psicopedagóxicos de Apoio."*

En canto ó ensino secundario, desde o curso 1988/89 a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca anualmente un concurso público para a concesión de proxectos de orientación educativa para ser desenvolvidos con carácter experimental. A solicitude desa concesión require a previa aprobación do proxecto por parte do claustro e do consello escolar do centro que o presenta.

Aqueles proxectos aprobados supoñen a designación dun profesor ou profesora, a quen se lle concede unha redución do 50 % no seu horario lectivo (9 horas semanais), para desenvolver labores de orientación educativa. Este docente debe pertencer ó cadro de persoal do centro, e non se establece ningún requisito previo estricto en canto á súa capacitación desde o punto de vista psicopedagóxico, aínda que se recomenda que sexa titulado en Pedagogía ou Psicoloxía. Para o curso 1993/94 foron aprobados 67 proxectos de orientación educativa en centros de bacharelato e FP de toda Galicia; 9 máis que no curso anterior.

Os profesores e profesoras encargados de dirixi-la orientación en cada centro reciben un curso de formación inicial, e posteriormente cursos de formación continuada, coordinados polo Gabinete Psicopedagóxico da Consellería de Educación (ver 2.1.4.A). Estes orientadores manteñen tamén reunións periódicas cos dos outros centros enmarcados na mesma zona. Ó remate do curso escolar, deberán enviar, ó devandito Gabinete, unha memoria final coas actividades desenvolvidas.

O Gabinete Psicopedagóxico da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria encargou un estudio avaliativo destes proxectos de orientación, no curso 1991/92.

Segundo os resultados deste estudio, a maioría dos profesores dos centros nos que se desenvolven proxectos de orientación educativa opinan que, en xeral, o labor dos departamentos de orientación a penas tivo repercusión na marcha do centro. A valoración do alumnado é aínda máis negativa, salvando só o relativo ós coñecementos sobre saídas académicas e profesionais. A valoración máis positiva é a dos pais, que paradoxicamente sinalan como máis insatisfactorio xustamente o que os seus fillos e fillas valoran máis positivamente: a información sobre saídas académicas e profesionais.

Os propios orientadores valoran de forma desigual a repercusión do seu traballo: alta no relativo á orientación académica e profesional; moito menor no funcionamento das titorías, a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais, e o coñecemento dos alumnos por parte dos profesores; baixa nos restantes aspectos. Os avaliadores recoñecen que se advirte unha gran distancia "entre algunhas das funcións que se consideran primordiais nun Departamento de Orientación -por exemplo, as relativas ó asesoramento curricular e á formación psicopedagóxica dos profesores- e o que na práctica se está a conseguir".

Non obstante, máis da metade do profesorado valora favorablemente a organización e o funcionamento do departamento de orientación, e ata as tres cuartas partes dálle unha valoración cando menos suficiente. Tamén, a gran maioría do profesorado e do alumnado conceden grande importancia ás funcións do departamento, e tanto uns coma outros opinan que a dedicación do orientador debería ser a tempo completo, e que preferiblemente debería te-la titulación de psicólogo ou pedagogo. Tódolos sectores da comunidade educativa parecen percibir claramente a necesidade da constitución dos servizos de orientación, apreciándose un amplo consenso sobre a insuficiencia dun orientador por centro para o desenvolvemento satisfactorio das súas funcións. Tanto os docentes, coma os propios orientadores, coinciden en considerar que a fórmula do orientador seleccionado entre os profesores do centro, con redución parcial do horario lectivo, non é a máis idónea.

Como conclusións, os autores do estudio avaliativo propoñen, entre outras, as seguintes:

— *"As condicións nas que se desenvolveu esta implantación experimental dos Departamentos de Orientación poderían ser melloradas nos seguintes aspectos: recursos materiais, como mobiliario, local, bibliografía, etc.; recursos humanos, xa que o elevado número de alumnos dalgúns centros fai que un só orientador resulte insuficiente; definición clara das funcións do departamento así como da súa posición dentro do organigrama do centro (...)."*

— *"O Departamento ou seminario de Orientación educativa é necesario..."*

— *"Todo centro educativo de ensino non universitario, tanto público coma concertado, debería contar cunha unidade ou departamento de orientación educativa."*

**O Consello Escolar de Galicia estima imprescindible que se garanta unha adecuada Orientación Escolar en tódolos niveis educativos. Polo que respecta á E.X.B./Primaria resulta necesaria unha catalogación daqueles centros que polas súas características deban ter servizo de orientación no propio centro.**

**Con respecto á E.S.O., o Consello Escolar reitera a súa recomendación de que este servizo exista dentro do propio centro.**

**En calquera caso debe darse debida cumprimentación ó disposto no Real Decreto 1701/91, de 29 de novembro sobre a intervención de especialistas en Psicoloxía e Pedagogía.**

**Por último, o Consello Escolar de Galicia entende que a organización da orientación escolar en Galicia ha de facerse para todo o ensino non universitario de acordo cun modelo sistemático no que tódolos elementos implicados -titores, orientadores, equipo de zona, etc.- realicen as súas funcións de xeito coordinado.**

### *B. Equipos de normalización lingüística.*

Nas Ordes polas que se regulan as actividades nos centros docentes de educación básica e secundaria, a partir do curso 1990/1991, dispúxose a constitución de equipos de normalización lingüística en cada centro educativo.

Cómpre sinalar ó respecto que a formación e a composición do equipo depende da iniciativa do profesorado do propio centro. Só o profesor ou profesora que asuma a coordinación do equipo dispón dunha lixeira redución no seu horario docente, para a elaboración e o desenvolvemento das actividades previstas no plano de potenciación do uso do galego que debe se-lo obxectivo do equipo. No mes de marzo, convócanse axudas económicas destinadas a financia-lo labor destes equipos de normalización dos centros educativos.

#### *2.1.4. Equipos de apoio externo.*


No contexto da implantación da reforma, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén experimentando a construción dunha rede de centros, gabinetes de estudo e equipos de apoio, dirixidos a ofrecer ó profesorado asesoría e colaboración, tanto na súa formación e reciclaxe, coma na súa práctica docente concreta. Dado que, segundo temos xa sinalado, hai unanimidade respecto do papel central que lle corresponde ó profesorado na consecución dos obxectivos contemplados na reforma educativa, esta complexa rede de apoio externo parece ben xustificada.

Non obstante, as fluctuacións e os cambios no organigrama, proban que non se ten alcanzado un modelo plenamente satisfactorio. Por outra parte, a carencia de instrumentos avaliadores claros tampouco permite xulgar en que medida os organismos e os equipos, por un lado, e os individuos que os forman, por outro, están a desenvolver-las súas funcións aceptablemente e están a cumprir-los obxectivos marcados para esta rede de servizos de apoio externo.

É obrigado dicir que se fala de "rede" con certa impropiedade, por canto se trata máis ben dunha serie de servizos e equipos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, respecto dos cales non se alcanza a ve-la súa coordinación horizontal. En todo caso, e con algún risco, no cadro adxunto tratamos de presentar un posible organigrama desta trama imperfecta, no estado que cremos ofrece no curso 1992/93.

### CADRO III.3

#### REDE DE EQUIPOS DE APOIO EXTERNO ESCOLAR.



De seguido pasamos a describi-las características de cada un dos organismos ou equipos.

#### **A. Gabinete Psicopedag3xico.**

Compoñen este gabinete tres funcionarios docentes: un de educaci3n secundaria, e dous de primaria. Todos eles son licenciados en psicoloxía ou pedagogía. O gabinete depende organicamente da Direcci3n Xeral de Ensinanzas Medias, aínda que mant3n colaboraci3ns coas Direcci3ns Xerais de Formaci3n Profesional, Educaci3n B3sica e Polític Lingüística.

Ten como obxectivo asesorar, colaborar, prestar apoio e avaliar dentro do campo psicopedag3xico, para o cal desenvolve os seguintes programas:

- Proxectos de orientaci3n educativa:** O Gabinete Psicopedag3xico coordina o labor de formaci3n dos orientadores dos proxectos de orientaci3n educativa dos centros de secundaria. Encárgase do asesoramento xeral da actividade destes orientadores e de avalia-las súas memorias de final de curso.
- Integraci3n de alumnos con minusvalías:** Desde o curso 1989/90 véñense convocando proxectos experimentais de integraci3n de alumnos con minusvalías físicas, psíquicas ou sensoriais, para centros de ensino medio. O Gabinete Psicopedag3xico organiza cursos de formaci3n inicial e continuada para os docentes implicados nos planos de integraci3n, e avalía as memorias de fin de curso.
- Investigaci3n e innovaci3n educativa:** O gabinete asesora á Consellería na convocatoria de axudas económicas para proxectos de investigaci3n e innovaci3n educativa, e posterior selecci3n dos proxectos presentados. A estas axudas poden acceder docentes de tódolos niveis educativos (ver 3.2).



- d) Educación para a saúde: O gabinete coordina as actividades do Programa de Educación para a Saúde, produto dun convenio asinado entre as Consellerías de Educación e Sanidade en novembro de 1992 (ver 3.1.).
- e) Elaboración de material de apoio: O gabinete elabora e edita textos sobre o desenvolvemento de actividades de orientación, como, por exemplo: *A carpeta do titor* e *Infórmate*.

## **B. Gabinete de Estudos para a Reforma Educativa.**

O Gabinete de Estudos para a Reforma Educativa, creado no curso 1987/88, está composto, na actualidade, por unha xefa de servizo e unha xefa de sección, máis dezaseis docentes seleccionados, mediante concurso de méritos, segundo as diversas etapas educativas e as distintas áreas de coñecemento. En total, son: un de infantil, cinco de primaria (un por cada unha destas áreas: ciencias sociais, ciencias da natureza, matemáticas, inglés e audiovisuais), e dez de secundaria (dous de informática e un por cada unha destas áreas: ciencias da natureza, física e química, ciencias sociais, matemáticas, lingua española, lingua galega, inglés e francés).

O número e a distribución dos compoñentes do gabinete ten variado ó longo dos pasados anos. Así, entre as materias ou áreas de coñecemento que na actualidade non contan con especialistas no gabinete, pero si os tiveron no pasado, están, entre outras, a educación física, a música, a plástica e educación visual, as linguas clásicas e a filosofía.

As súas funcións, aínda tendo sufrido tamén variacións desde a súa formación, poden sintetizarse en:

### a) Elaboración dos deseños curriculares.

O gabinete encargouse inicialmente da redacción do *Marco curricular de Galicia* e dos deseños curriculares das distintas etapas educativas e áreas de coñecemento, despois de ter participado na negociación das ensinanzas mínimas dos curricula, cos técnicos do Ministerio de Educación e das Consellerías de Educación das outras Comunidades con competencias plenas en materia de educación. Estas funcións poden considerarse case completamente concluídas, a falta dos deseños curriculares das disciplinas dos novos bacharelatos.

As publicacións que a seguir se citan representan o traballo do gabinete neste eido:

- *Marco curricular de Galicia*. Decembro de 1989.
- Documentos especiais sobre a área de Lingua Galega: *Marco curricular. Fundamentos previos e Lingua: Deseño Curricular Base* (ámbolos dous publicados no curso 1989/90).
- *Deseño Curricular Base de Educación Infantil* (1992; houbo unha edición anterior, revisada trala publicación do decreto de ensinanzas mínimas).
- *Deseño curricular base de Educación Primaria* (1992; houbo unha edición anterior, revisada trala publicación do decreto de ensinanzas mínimas).
- Deseños curriculares base das áreas de coñecemento da ESO: *Tecnoloxía, Lengua castelana y Literatura, Lingua galega e literatura, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Matemáticas, Educación Plástica e Visual, Educación Física e Cultura Clásica* (1992).

Encóntranse en proceso de edición dous novos materiais sobre os deseños curriculares e os desenvolvementos curriculares do bacharelato.

b) Elaboración de exemplificacións didácticas.

O gabinete coordinou asemade os traballos de redacción de exemplificacións didácticas para os novos currícula, en ocasións elaboradas polos propios membros do gabinete, outras por equipos formados por colaboradores alleos ó mesmo. Neste sentido, no curso 1990/1991, mediante concurso público de méritos foron seleccionados grupos de profesores e profesoras como colaboradores do Gabinete da Reforma para a elaboración destas exemplificacións. Estes grupos non tiveron continuidade, e disolvéronse ó final dese mesmo curso. Cómpre lamentar que a maioría das exemplificacións producidas non teñen sido debidamente difundidas, sendo en boa medida descoñecidas nos centros educativos que estaban -e están- a experimentar os novos contidos, a pesar de que decote os profesores e profesoras implicados na experimentación se queixaban -e se queixan- da carencia de materiais didácticos de apoio idóneos.

**O Consello Escolar sorpréndese da non inclusión no Gabinete para a Reforma Educativa de especialistas en Educación Física e Música, dado o acento que a LOXSE pon na formación de especialistas nestas áreas, para a nova etapa educativa da Educación Primaria.**

**En relación coas exemplificacións didácticas elaboradas polo gabinete sería de desexar que se realizase unha adecuada avaliación coa finalidade de que poida discernirse sobre a súa validez efectiva con vistas a unha xeneralización do seu emprego.**

Reproducimos a continuación a relación de exemplificacións editadas polo gabinete, segundo lista proporcionada polo propio gabinete:

#### CADRO III.4

##### EXEMPLIFICACIÓNS DIDÁCTICAS. GABINETE DA REFORMA.

---

- Tomo I:
  - Ciencias Sociais, Xeografía e Historia: *A alimentación a través do tempo.*
  - Cultura Clásica: *O tempo.*
- Tomo II: Linguas Estranxeiras
  - Francés: *Il y a des maisons.*
  - Inglés: *People and places in Galicia.*
- Tomo III: Linguas Galega e Castelá.
  - Lingua Galega: *Práctica oral.*
  - Lingua Galega: *Lingua e actitudes lingüísticas.*
  - Lingua Galega: *Técnicas de comprensión e creación literaria.*
  - Lingua Castelá: *De tomo y lomo (libros y bibliotecas).*
- Tomo IV: Ciencias da Natureza.
  - Ciencias Naturais: *Procesos vitais.*
  - Ciencias Naturais: *Continuidade e pervivencia do ser humano.*
  - Ciencias Naturais: *Estructura e cambios da materia.*



- Ciencias Naturais: *Os seres vivos e o medio.*
- Física e Química: *O movemento.*
- Tomo V:
  - Tecnoloxía: *Tren de Lavado.*
  - Tecnoloxía: *A praza pública do pobo.*
  - Matemáticas: *As eleccións autonómicas.*

### CADRO III.5

#### EXEMPLIFICACIÓNS DIDÁCTICAS. GRUPOS COLABORADORES.

- \* Exemplificacións Didácticas de Educación Infantil:
  - O niño. Os ollos, os nosos amigos.
  - A cadela Noa. O millo.
  - Os patos.
- \* Exemplificacións Didácticas de Educación Primaria:
  - Matemáticas: *O caravel.*
  - Matemáticas: *Imos construír unha tenda.*
  - Lingua estranxeira. Francés: *De la maison au zoo. Le monde des animaux.*
  - Educación Artística. Música: *A música na primavera. As bolboretas.*
  - Educación Artística. Música: *Didáctica de lecto-escritura musical.*
  - Educación Física: *Iniciación ó atletismo. Carreiras, saltos e lanzamentos.*
  - Educación Física: *Materiais, xogos e habilidades básicas na Primaria.*
  - Educación Física: *Habilidades e destrezas na Primaria.*
- \* Exemplificacións Didácticas de Educación Secundaria Obrigatoria:
  - Tomo I:
    - Ciencias Sociais, Xeografía e H.: *Hai 500 anos é a expansión europea polo mundo.*
    - Música: *Música e renacemento.*
    - Educación Física: *Condición Física.*
    - Educación Física: *Voleibol I.*
    - Relixión: *Na procura de Deus.*
  - Tomo II:
    - Cultura Clásica: *As linguas das nosas orixes.*
    - Cultura Clásica: *A dimensión lúdica da vida humana. O Entroido, unha antiga celebración.*
    - Cultura Clásica: *A toponimia: reflexo actual dunha historia do pasado.*
    - Lingua estranxeira. Francés: *La France à ta portée.*

- Lingua estranxeira. Francés: *La presse à l'école: les "annonces classés"*.
- Tomo III: Linguas Galega e Castelá.
  - Lingua Castelá e Literatura: *¿Cómo ligar los textos?*
  - Lingua Castelá e Literatura: *Lengua y medios de comunicación. La publicidad en el aula.*
  - Lingua Castelá e Literatura: *El club de los poetas vivos: la lírica.*
  - Lingua Galega e Literatura: *Educación para o ocio.*
  - Lingua Galega e Literatura: *Educar para a convivencia.*
  - Lingua Galega: *Técnicas de comprensión e creación literaria.*
- Tomo IV: Ciencias da Natureza.
  - Ciencias Naturais: *O universo.*
  - Ciencias Naturais: *Procesos xeolóxicos externos e internos.*
  - Física e Química: *As ondas.*
  - Física e Química: *Electricidade e Magnetismo.*
  - Física e Química: *A enerxía.*
- Tomo V:
  - Matemáticas: *A catedral-fortaleza de Tui.*
  - Matemáticas: *As funcións.*
  - Tecnoloxía: *O val de San Antón da Cabada.*
  - Tecnoloxía: *Pa escavadora hidráulica.*

---

É tamén oportuno anotar que o mesmo gabinete editou en 1993 distintos materiais de apoio para a ESO, a modo de documentos de 70 páxinas de media, elaborados por profesores. Os seus títulos recóllense no Cadro III.6.

### CADRO III.6

#### MATERIAIS DIDÁCTICOS DE APOIO. ESO.

---

- Cultura Clásica:
  - *O latín nas orixes das nosas linguas.*
  - Mitos de la concepción del Universo.
- Ciencias Sociais:
  - *A arte románica.*
  - Poboación e desenvolvemento económico. A emigración en Galicia.
  - Autonomía e heteronomía moral.
- Música:
  - *La voz como medio de expresión musical.*

- Lingua Galega e Literatura:
    - *A prensa en galego.*
  - Lingua Castelá e Literatura:
    - *En torno al texto narrativo.*
  - Lingua estranxeira: Inglés:
    - *English na Escola Oficial de Idiomas da Coruña.*
  - Ciencias da Natureza:
    - *Clasificación e biodiversidade.*
    - *Reacción química.*
  - Matemáticas:
    - *Facendo estatística na clase.*
  - Tecnoloxía:
    - *Los bancos y sus ocupaciones.*
  - Outros:
    - Orientación vocacional y profesional.
- 

#### c) Formación do profesorado.

As actividades de formación propias do Gabinete cabe dividilas en catro grupos diferenciados, segundo os seus contidos e a quen van dirixidas:

##### 1. Difusión dos contidos e obxectivos da reforma educativa.

Foi desde o comezo unha das funcións básicas do gabinete, que tivo a súa tradución no desenvolvemento de numerosas charlas e cursos dirixidos a profesores e profesoras de tódolos niveis educativos, co obxecto de dar a coñecer as características estruturais e curriculares do novo modelo educativo que a reforma está a implantar. Durante o curso 1991/92, segundo datos proporcionados polo propio gabinete, impartíronse cento cinco cursos, cunha asistencia global de tres mil novecentos vinte docentes.

##### 2. Cursos dirixidos ós asesores dos CEFOCOP.

Os cursos de formación dirixidos ós asesores dos CEFOCOP son coordinados polo gabinete e están organizados segundo cinco módulos de formación:

- Formación psicopedagóxica.
- Deseño, implementación e avaliación de planos de actuación.
- Intervención en centros.
- Formación en apoio a procesos de investigación.
- Formación específica.

Sempre de acordo con datos proporcionados polo propio gabinete, téñense impartido os módulos I e II en tódolos CEFOCOP, e quedarían, xa que logo, por desenvolver os restantes módulos.

### 3. Cursos dirixidos á Inspección Educativa.

O gabinete impartiu un seminario e varios cursos por provincias para informar ós inspectores das características do novo modelo educativo derivado da LOXSE.

### 4. Xornadas de formación e xornadas de seguemento.

Baixo este epígrafe, agrupamos aqueles cursos organizados por áreas de coñecemento, e dirixidos inicialmente ó profesorado dos centros experimentais (primeiro da REM, agora da ESO, máis outros que desenvolveron proxectos curriculares especiais en educación infantil e primaria), para capacitalos nas esixencias dos novos contidos curriculares, novos modelos metodolóxicos e novos sistemas e criterios avaliadores. No ano 1992 impartíronse dezasete cursos cunha media de asistencia de vintetrés docentes por curso. As áreas ás que máis atención se prestou foron as de lingua estranxeira, ciencias da natureza, matemáticas e ciencias sociais, cada unha con dous cursos. No ano 1993 os cursos impartidos foron dezaioito, cunha media de asistentes entre dezanove e vinte. As áreas máis atendidas foron, de novo, as de lingua estranxeira, matemáticas e ciencias sociais, máis as de tecnoloxía, plástica e educación física, todas con dous cursos. Chama, unha vez máis, a atención a ausencia de cursos de educación musical, dadas as eivas tantas veces sinaladas nesta área.

**O Consello Escolar estima que a Consellería de Educación debe tomar decisións sobre se compensa ou non o mantemento, no futuro, do gabinete para a Reforma Educativa. E se se considera conveniente a súa permanencia deberán entón regulamentarse as funcións que no futuro lle poidan corresponder.**

### C. Centros de recursos.

Os Centros de Recursos foron creados por Orde do 28 de xaneiro de 1985 (DOG do 15 de febreiro), con dobre finalidade de proporcionar recursos didácticos ó profesorado daqueles centros máis carenciais, así como asesoramento para a súa utilización didáctica e para que os profesores conten cun centro onde poidan producir e intercambiar material e experiencias didácticas, todo isto orientado á dinamización da escola.

Trátase máis exhaustivamente do funcionamento dos Centros de Recursos no apartado 7.1 do Capítulo IV.

### D. Centros de Formación Continuada do Profesorado.

Os actuais Centros de Formación Continuada do Profesorado (CEFOCOP) son o equivalente dos Centros de Profesores (CEP) existentes noutras comunidades desde hai xa varios anos. En Galicia foron creados entre o 5 de outubro de 1989 e o 25 de outubro de 1991 (Ordes de 5 de outubro e de 26 de nadal de 1989; de 17 de xaneiro e de 25 de outubro de 1991). Na actualidade hai un total de sete CEFOCOP, que dispoñen de instalacións propias nas cidades de Vigo, Ferrol, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago, máis unha extensión no Barco de Valdeorras, organicamente dependente da de Ourense.

Cada un destes CEFOCOP contan cun director ou directora, e un equipo de asesores especialistas en determinadas áreas de coñecemento, segundo unha distribución semellante á do Gabinete de Estudos para a Reforma Educativa, e ata un total de 15 asesores por centro. A maioría dispoñen tamén de persoal administrativo auxiliar.

Cada CEFOCOP ten adxudicada unha área xeográfica de influencia. Os centros educativos e docentes incluídos dentro desa área deberán se-lo obxecto do labor de aseso-

ría dos membros dos CEFOCOP. A partir do curso 1992/93, os Planos Anuais de Formación Permanente do Profesorado da CA de Galicia prevén unha intervención determinante dos CEFOCOP na detección das necesidades do profesorado da súa área de influencia, e na conseguinte planificación das actividades de formación. Nesa mesma dirección descentralizadora, os CEFOCOP están dotados dunha ampla autonomía, tanto na xestión dos recursos económicos de que dispoñen, coma na capacidade de decisión sobre os seus cometidos.

No curso 1993/94 está prevista a convocatoria de eleccións para a constitución dos Consellos Directivos dos CEFOCOP; eleccións nas que poden participar como electores todo o profesorado da zona de influencia, e ás que se poden presentar como elixibles representantes dos movementos de renovación pedagóxica, seminarios permanentes, e outras organizacións vinculadas á investigación ou á experimentación didácticas. Mediante estas eleccións, preténdese dotar ós CEFOCOP dunha estrutura de control democrático, que poida exercer un labor de fiscalización e influencia na toma de decisións, semellante á que se atribúe ós Consellos Escolares dos centros educativos.

No transcurso da elaboración deste informe os consellos directivos dos CEFOCOPS están constituídos e en funcionamento.

**O Consello Escolar de Galicia suxire que por parte da Consellería de Educación se deben arbitra-los oportunos mecanismos e criterios para a avaliación da eficacia da actividade despregada polos CEFOCOPS, con vistas ás oportunas rectificacións, se estas procederan.**

#### **E. Equipos Psicopedagóxicos de Apoio.**

A Orde da Consellería de Educación do 8 de agosto de 1985 regulamentou a organización dos Equipos Psicopedagóxicos de Apoio na Comunidade Autónoma Galega. Por esa orde unificáronse os antigos Servicios de Orientación Escolar e Vocacional e os Equipos Multiprofesionais. Os profesionais -psicólogos, pedagogos e asistentes sociais- encadrados nesas antigas estruturas pasaron a formar parte dos novos equipos, ós que se lles atribúen, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Prevención educativa no medio escolar, familiar e social.
- b) Detección precoz de deficiencias e trastornos no desenvolvemento psico-pedagóxico do neno.
- c) Valoración pluridimensional das necesidades e capacidades do alumnado suxeito de educación especial.
- d) Elaboración de programas de desenvolvemento individual baseados nas necesidades e capacidades de cada alumno, e seguemento destes programas en colaboración co profesorado dos centros educativos.
- e) Dirección ou realización de tarefas de orientación escolar, persoal e vocacional dos alumnos.
- f) Asesoramento e axuda técnica ó profesorado na súa función titorial.
- g) Coordinación das actividades de orientación que realizan os distintos departamentos de orientación dos colexios públicos.

Previa autorización das Delegacións Provinciais de Educación, os equipos psicopedagóxicos poden coordinar tamén o seu labor cos departamentos de orientación municipais, alí onde existan, como de feito se está a facer en moitos casos.

Posteriormente, a Resolución do 13 de maio de 1987 (DOG do 1 de xuño) engadiu as funcións específicas dos logopedas (especialistas en audición e linguaxe) que foron tamén incorporados ós equipos psicopedagóxicos. Son estas:

- a) Orientación ó profesorado no tratamento de problemas de audición e linguaxe, e colaboración na elaboración de programas de apoio dirixidos ó tratamento desas dificultades.
- b) Intervención directa na rehabilitación dos problemas de audición e linguaxe do alumnado.

Na actualidade, hai un total de trinta e dous Equipos Psicopedagóxicos de Apoio, distribuídos comarcalmente do seguinte xeito: once na provincia da Coruña, dez na de Pontevedra, seis na de Lugo e cinco na de Ourense. A dotación humana destes equipos non é uniforme, senón que responde a dous modelos. Nas cidades (A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) están formadas por entre cinco e sete psicólogos e/ou pedagogos, un ou varios logopedas e un asistente social (agás no caso de Vigo e Pontevedra, que non dispoñen de ningún asistente social). Os restantes equipos están formados exclusivamente por un psicólogo, un pedagogo e un logopeda. En conxunto, compoñen os actuais Equipos Psicopedagóxicos de Apoio noventa e catro psicólogos e/ou pedagogos, trinta e oito logopedas e cinco asistentes sociais.

Os compoñentes dos Equipos Psicopedagóxicos de Apoio, fóra do caso de quen procedían dos antigos Equipos Multiprofesionais e Servicios de Orientación Escolar e Vocacional, accederon mediante concurso público de méritos entre funcionarios docentes que tiñan o título de psicólogos ou pedagogos.

Os Equipos Psicopedagóxicos exercen o seu labor entre o alumnado dos centros educativos de ensino básico, agora de educación infantil e educación primaria e EE.MM. acollidos ó Plano de Integración.

#### **F. Coordinadores docentes de galego.**

A Orde da Consellería de Educación do 24 de xullo de 1991 creou dez prazas de coordinadores docentes de galego, que foron ocupadas mediante concurso público de méritos. Destas, a metade foron ocupadas con profesores numerarios da área de Lingua e Literatura Galegas, de centros de secundaria, e a outra con mestres especialistas da mesma área. Os profesores e profesoras seleccionados seguiron un curso de formación intensiva, organizado pola Dirección Xeral de Política Lingüística. Estes profesores teñen unha importante redución horaria nos centros nos que están destinados (só imparten catro horas semanais de clase).

Están encargados de coordinar as actividades dos equipos de normalización lingüística dos centros educativos, e de potenciar toda clase de medidas tendentes a desenvolver o uso do galego nos centros, colaborando asemade coa Consellería nos planos de formación e promoción do uso do galego, e na realización de adaptacións curriculares no ámbito de aplicación da LOXSE.

**O Consello Escolar considera que se faría preciso unha maior coordinación entre os coordinadores de galego e o establecemento de mecanismos de avaliación.**

## 2.2. Calendario e temporalización da implantación.

### 2.2.1. Modificación no calendario de implantación.

O Real Decreto 986/1991, de 14 de xuño, aprobaba o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, calendario, que posteriormente sería modificado e completado polo Real Decreto 535/1993, de 12 de abril. Esta modificación supón un significativo cambio respecto do ritmo de aplicación da reforma educativa, segundo se advirte mediante a comparación dos cadros que adxuntamos, o primeiro dos cales recolle o calendario inicialmente previsto, e o segundo o modificado.

### CADRO III.7

#### CALENDARIO XERAL DE IMPLANTACIÓN DA REFORMA. 1991

1991/92	1992/93	1993/94	1994/95	1995/96	1996/97	1997/98	1998/99	99/2000
Educ. Infantil	Educ. Primaria 1.º e 2.º	Educ. Primaria 3.º e 4.º	Educ. Primaria 5.º e 6.º	Secund. Obrigat. 1.º e 2.º	Secund. Obrigat. 3.º	Secund. Obrigat. 4.º	Bachar. 1.º F.P. Grao Medio	Bachar. 2.º



### CADRO III.8

#### TEMPORALIZACIÓN DE IMPLANTACIÓN DAS NOVAS ENSEÑANZAS. 1993.

Curso	Implantación	Extinción
1990/91	Ensinanzas mínimas EI, EP e ESO	
1991/92	2.º ciclo EI (implantación gradual)	Preescolar (extensión gradual)
1992/93	1.º ciclo EP	1.º e 2.º EXB
1993/94	2.º ciclo EP	3.º e 4.º EXB
1994/95	3.º ciclo EP	5.º e 6.º EXB
1995/96	1.º ciclo ESO	7.º e 8.º EXB
1996/97	3.º ESO	1.º BUP
		1.º FP1
1997/98	4.º ESO	2.º BUP
		2.º FP1
1998/99	1.º Bacharelato	3.º BUP
	FP Grao Medio	1.º FP2 (enseñanza especial)
1999/2000	2.º Bacharelato	COU
		2.º FP2 (enseñanza especial)
		1.º FP2 (régime xeral)
2000/01	FP específica Grao Superior	3.º FP2 (enseñanza especial)
		2.º FP2 (régime xeral)

É do caso salientar que o ámbito do presente informe abrangue os cursos 91/92 e 92/93, e, en consecuencia, esta ralentización do proceso de implantación da reforma educativa non será obxecto da nosa reflexión máis que secundariamente, na medida en que garde algunha reacción co observado ó longo dos devanditos cursos.

**O Consello Escolar de Galicia insta a que se faga todo o posible para que os distintos materiais elaborados con vistas á aplicación da Reforma Educativa cheguen ós centros coa antelación suficiente para que o profesorado e os equipos directivos se poidan compenetrar adecuadamente con eles e co espírito da reforma. Neste sentido, a Consellería debe realizar un labor decidido de estimulación e información-formación.**

#### 2.2.2. Decretos de ensinanzas mínimas e deseños curriculares.

A efectos da presente cuestión, cómpre lembra-la normativa estatal, que regula os contidos curriculares das novas etapas educativas. Neste sentido, apareceron os Reais Decretos 1330/1991, 1006/1991 e 1007/1991, por medio dos cales foron fixados os aspectos básicos e ensinanzas mínimas dos currícula, respectivamente, de educación infantil (EI), educación primaria (EP) e educación secundaria obrigatoria (ESO). Ese mesmo ano dítase o Real Decreto 1700/1991, que establece a estrutura do novo bacharelato, e o Real Decreto 1701/1991, que establece as especialidades do corpo de profesores de enseñanza secundaria.

O artigo 4º.1 da LOXSE prevé que os contidos básicos das ensinanzas mínimas "en ningún caso requirirán máis do 55 por 100 dos horarios escolares para as Comunidades Autónomas que teñan lingua oficial distinta do castelán, e do 65 por 100 para aquelas que non a teñan". O artigo 4º.2 da mesma lei, sinala que serán as Administracións educativas competentes en cada Comunidade as encargadas de establece-lo currículo dos distintos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo, do que, desde logo, deberán formar parte as ensinanzas mínimas.



Compete, pois, á Consellería de Educación e Ordenación Universitario da Xunta de Galicia fixa-los deseños curriculares base (DCB) das ensinanzas non universitarias que se imparten no territorio da Comunidade Galega. En cumprimento disto, o currículo de EI para a comunidade galega foi establecido polo Decreto 426/91 do 12 de decembro de 1991 (DOG do 14 de xaneiro e do 20 de febreiro de 1992). Sen embargo, o de EP non apareceu ata xa rematado o curso 91/92; Decreto 245/92 do 30 de xullo de 1992 (DOG do 14 de agosto), e o da ESO xa ben avanzado o curso 1992/93; Decreto 78/93 do 25 de febreiro de 1993 (DOG do 2 de abril). Finalmente, en canto á secundaria post-obrigatoria nada se ten lexislado aínda en Galicia.

Só xa iniciado o curso 1992/93, a Consellería de Educación fixo chegar ós centros dous textos sobre *Desenvolvemento curricular* para EI e EP, sen que se tomaran medidas de liberación horaria para actividades de formación; o documento informativo sobre a elaboración do Proxecto Curricular de Centro (PCC) apareceu ben avanzado o ano 1993.

O Gabinete de Estudos para a Reforma Educativa é a estrutura encargada de deseñar, redactar e difundir os materiais curriculares de apoio, comezando polos propios DCB, ata rematar nas chamadas exemplificacións. No seu momento, dimos xa conta da lista dos materiais ata agora publicadas polo devandito gabinete.

### *2.2.3. Implantación do segundo ciclo da educación infantil.*

A Orde do 6 de maio de 1992, que regula o procedemento para a implantación do segundo ciclo da educación infantil (DOG do 21 de maio), prevé o uso do máximo prazo posible para a extinción da vella educación preescolar. En efecto, no artigo 5º.1 da devandita orde sinalábase que os centros privados de educación preescolar poderán implanta-lo segundo ciclo de educación infantil nos cursos 1992/93 e 1993/94; no artigo 6º, fíxase como data límite para a implantación deste segundo ciclo nos centros de preescolar que aínda non o tivesen feito, o curso 1994/95; finalmente, o 7º.2, establece un período de 10 anos, despois do que os centros autorizados a impartiren educación preescolar que non se teñan axustado ós requisitos derivados das novas normativas da EI, perderán a condición de centros autorizados. En consecuencia, esta disposición -que non foi corrixida por ningunha outra, trala modificación do Real decreto do calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo- concede unha demora de ata 10 anos (máxima permitida pola LOXSE) para que os actuais centros privados de preescolar que non reúnan as condicións establecidas se adecúen ás esixencias da nova etapa educativa.

A implantación gradual deste segundo ciclo de educación infantil iniciárase xa no curso escolar 1991/92. Como efectos prácticos máis evidentes, esta implantación debería redundar nunha progresiva escolarización dos nenos de tres anos. Os colexios públicos que, ata ese momento, só admitían nas súas unidades de preescolar alumnos de catro anos en adiante, agora deberían dispoñer tamén unidades de tres anos, dado que este segundo ciclo abrangue desde os tres ós cinco anos.

Na Orde da Consellería de Educación de 6 de maio de 1992, inclúense tamén -ademais das precisións sobre a ratio alumnado/profesorado, xa sinaladas noutro lugar (ver supra, 2.1.2), determinadas prescricións que cómpre referir. Así, no artigo 10 especificábase que cada centro deberá facer "un estudio sociolingüístico sobre o contexto social onde estea o colexio e no que se constate a lingua materna dos alumnos". Este estudio sociolingüístico determinará as estratexias didácticas máis axeitadas que haberá que seguir, as cales, xunto coa "opción lingüística" elixida, deberán ser incluídas no proxecto educativo do centro. En todo caso, salientábase que "os pais serán informados das vantaxes de conseguir un bilingüismo equilibrado e enriquecedor". O estudio sociolingüístico deberá ser revisado anualmente, cando se incorpore novo alumnado.

Os artigos 11 e 12 establecen as condicións de elaboración do proxecto curricular de centro, que deberá concluírse ó longo do primeiro curso de implantación do segundo ciclo de educación infantil. O 20 determina que, no caso das escolas rurais nas que un profesor ou profesora ten integrado varios niveis educativos nun só grupo, o PCC deberá tamén integrar tódolos niveis existentes.

O 16 recolle a intervención dos equipos psicopedagóxicos no asesoramento ó profesorado para o deseño das adaptacións para nenos ou nenas con necesidades educativas especiais. Aínda que nada se

di respecto do seu proceso de elaboración, este mesmo artigo 16 sinala que o deseño das adaptacións curriculares para o alumnado con necesidades educativas especiais, deberá ter en conta o proxecto educativo do centro (PEC). O 17 prescribese a necesidade de "fixar recursos e estratexias de coordinación coas familias", o que se salienta de novo no artigo 18. O artigo 22 e final establece as condicións de avaliación que deberá ser "global, continua e formativa".

#### **2.2.4. Implantación da educación primaria.**

De acordo co capítulo segundo da LOXSE, a educación primaria comprenderá seis cursos académicos, desde os seis ata os doce anos de idade, que estarán estruturados en tres ciclos de dous cursos académicos cada un. O currículo organízase en áreas de coñecemento, que serán as seguintes:

- Coñecemento do medio natural, social e cultural.
- Educación Artística.
- Educación Física.
- Lingua castelá, lingua oficial propia da correspondente Comunidade Autónoma e literatura.
- Linguas estranxeiras.
- Matemáticas.

O artigo 16 da mesma lei especifica que estas ensinanzas serán impartidas por mestres, e que as áreas de música, educación física e idiomas estranxeiros (sen excluír que se poida engadir algunha outra) serán impartidas por mestres coa especialización correspondente.

Para o ámbito galego, a Orde do 17 de agosto de 1992 (DOG do 26 de agosto) regula a implantación da educación primaria, dictando instrucións en materia de organización escolar para os centros que haberán de implantala. Os artigos 1 a 5 recollen as prescricións relativas ós períodos de implantación e as ratios alumnado/profesor, aspectos que xa teñen sido referidos noutro lugar deste informe.

Os artigos 7, 8 e 9 establecen as condicións para a elaboración do proxecto curricular de centro. Para coordina-lo proceso desta elaboración, determínase que se constitúa unha comisión de coordinación pedagóxica, presidida polo director ou directora do centro, e integrada polo xefe ou xefa de estudos, os coordinadores e coordinadoras de ciclo, e, no seu caso, un profesor de educación especial e un profesor de apoio á integración. Aínda que no 7.1. se di que a elaboración do PCC se realizará ó longo do curso 1992/93, o artigo 16, que prescribese a elaboración da programación xeral anual, só considera obrigatoria a inclusión do PCC, acompañando á programación anual, a partir do curso 1994/95, de conformidade coa Orde do 11 de maio de 1993, pola que se modifica a do 17 de agosto de 1992. Por outra parte, o artigo 13 determina que, no caso das escolas rurais que acumulan varios niveis educativos nun só grupo, o PCC integrará tódolos niveis existentes. Finalmente, o 17 atribúe á inspección educativa o papel de supervisa-la programación xeral anual e o proxecto curricular do centro.

Respecto do proxecto educativo do centro, nada se determina referente ó seu proceso de elaboración, se ben, como xa viramos no caso da educación infantil, os artigos 11 e 14 sinalan, respectivamente, que as adaptacións curriculares para alumnos de educación especial deberán telo en conta, e que a opción lingüística do centro debe quedar incluída nel.

O artigo 10 fixa o proceso de elaboración da programación para os grupos-clases, as condicións a ter en conta para a selección e secuenciación de contidos e a integración dos obxectivos e contidos cun carácter globalizado. O 11 recolle o papel asesor dos equipos psicopedagóxicos para a integración do alumnado con necesidades educativas especiais.

No artigo 12, prescribese o establecemento de recursos e estratexias de coordinación coas familias. O 14 sinala a obrigatoriedade de facer un estudo sociolingüístico sobre o contexto social no que estea situado o colexio, que, como no caso da educación infantil, deberá se-la base para a elección da "opción lingüística" e as estratexias didácticas do centro educativo.

Finalmente, cómpre tamén sinala-la prescrición formulada no artigo 20, segundo a cal cada grupo de alumnos contará cun profesor titor, que se encargará da educación do devandito grupo ó longo de todo o ciclo.

Posteriormente, a Orde do 6 de maio de 1993 (DOG do 20 de maio) veu regula-la avaliación na educación primaria, que aparecía cualificada como global, continua e formativa, no artigo 13.2 do Decreto 245/1992, do 30 de xullo dese mesmo ano. Establécese na Orde devandita que o profesor titor deberá facer unha avaliación inicial de cada alumno e alumna, ó comezo da educación primaria, e un informe de avaliación individualizado ó final de cada ciclo. A avaliación continua consignarase en termos de "prograsa adecuadamente" (PA) ou "necesita mellorar" (NM).

A decisión sobre a promoción de cada alumno ó ciclo ou etapa seguinte recae tamén sobre o titor, se ben, no suposto de que a decisión sexa negativa, é preceptiva a audiencia previa dos pais ou titores. Se se decide a promoción, no caso de alumnos que non teñan superado a totalidade dos obxectivos programados, deberanse indicar, no informe da avaliación continuada, as medidas educativas complementarias dirixidas a conseguir eses obxectivos.

Determinase tamén que, ademais do alumnado, serán obxecto de avaliación os procesos de ensino, a propia práctica docente e o desenvolvemento do proxecto curricular. Todo isto recollerase no plano de avaliación do proceso de ensino, que a Comisión de Coordinación Pedagóxica deberá propor á aprobación do claustro.

No artigo 10 da referida Orde, sinálanse como documentos do proceso avaliador o expediente académico, as actas de avaliación, os informes de avaliación individualizados e o libro de escolaridade. No 13 regúlase que ó final de cada ciclo o profesor titor elaborará un informe individualizado ordinario do que disporá o profesor do seguinte ciclo. No 15, o referente á acta de avaliación final de ciclo, salientando tamén que as medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular deberán reflectirse tamén na acta de avaliación final e no expediente académico. O artigo 17 fixa as condicións de información regular ás familias do proceso avaliador do alumnado. É importante que explicitamente no 17.3 se sinale que se deberán programar reunións globais con pais ou titores legais para expor e comenta-las liñas xerais de traballo, criterios de avaliación e analiza-lo desenvolvemento do plano de avaliación.

Sen dúbida resulta altamente relevante que, seguindo os presupostos da LOXSE, se teña presente a necesidade de avaliar non só ó alumnado, senón tamén ó propio profesorado, e o proceso educativo en xeral. Non obstante, cómpre observar que, sendo este aspecto o máis novidoso e o que, en consecuencia, ha requirir cambios máis significativos na actitude dos docentes, o articulado esténdese moito máis nas prescricións dos procedementos avaliadores dos alumnos e alumnas, e moi pouco nos restantes obxectivos da avaliación.

### **2.2.5. *Implantación anticipada da ESO.***

En canto á ESO, aínda que a implantación xeneralizada do 1º ciclo non está prevista ata o curso 1995/96, o artigo 21.1 do Real Decreto 986/1991 (ampliado e modificado polo R.D. 535/1993) autoriza ás administracións educativas para implantala anticipadamente (como tamén se autoriza a implantación anticipada no caso do terceiro ciclo da EP).

En Galicia, a finais do curso 1991/92 ofreceuse esta posibilidade ós centros de FP 1 e de BUP. En total, 38 centros comezaron a implantación anticipada do segundo ciclo da ESO en toda Galicia, dos cales 19 de FP e só 2 de BUP. Tódolos IESP de nova creación pasaron a impartir tamén a ESO, ata facer un total de 13 IESP que se sumaron á implantación anticipada. Os restantes centros foron 3 privados e 1 dependente do Instituto Social da Mariña.

Na circular 9/92 das Direccións Xerais de Ensinanzas Medias e Formación profesional, especifícanse as condicións nas que se debe realiza-la implantación:

- En relación coa matrícula do alumnado, precísase que poden acceder a 3º da ESO os alumnos que estean en posesión do título de graduado escolar, ou teñan cursado 8º de EXB e es-

gotado a súa escolarización nese nivel por ter cumprido os dezaseis anos. Tamén accederán a 3º da ESO, os alumnos repetidores de primeiro curso do primeiro ciclo experimental, primeiro de BUP ou primeiro curso de FP de primeiro grao, no caso de que esas ensinanzas deixen de ser impartidas no centro.

- A ratio máxima de alumnos por aula (ver 2.1.2) establécese en 30, agás no caso dos centros que participen en programas experimentais para a integración de alumnos con necesidades especiais; nese caso, redúcese a 25.
- Determínase que a xefatura de estudos deberá impulsa-la elaboración do Proxecto Curricular de Centro, coas contribucións dos Departamentos ou Seminarios.

Aínda que supera o marco estricto da nosa análise, cremos significativo señala-lo espectacular aumento do número de centros que se sumaron á implantación anticipada da ESO durante o curso 1993/94: 58 centros, case o dobre que no curso anterior. Isto parece indicar unha clara vontade, por parte da Administración educativa, de potenciar esta modalidade.

En cadro adxunto, recollémo-la totalidade dos centros educativos que, segundo datos da Consellería de Educación, impartirán o segundo ciclo da ESO no ano académico 1993/94. Observarase a desigual distribución provincial, moi chamativa no caso da provincia de Ourense, onde só catro centros están a implantar anticipadamente a ESO.

### CADRO III.9

#### RELACIÓN DE CENTROS QUE IMPARTEN O 2º CICLO DA ESO NO ANO ACADÉMICO 1993/94

<b><u>A CORUÑA</u></b>	<b><u>PONTEVEDRA</u></b>
Arzúa, EFA "O Piñeiral"	Baiona, IESP
Coristanco, EF "Fonteboa"	Cangas, IESP
Boiro, IFP	Chans-Bembrive, col. público
Carballo, IES	Chapela-Redondela, IESP
Cariño, IFP	Forcarei, Col. Mun. Homologado
Cee, IFP	Nigrán, IFP "Val Miñor"
Coruña, Col. Fogar "Sta. Margarita"	Marín, IFP "Chao do Monte Mogor"
Coruña, IB Adormideras	Panxón, col. do ISM Pontevedra
Coruña, IFP "Fernando Wirtz"	IFP "Monteporreiro"
Coruña, IB "Monte das Moas"	Pontevedra IFP
Coruña IFP Someso	Pontevedra, Extensión do IPFP no IB n.º 5
Curtis, IESP	Porriño, IFP
Ferrol, IPFP "Marqués de Suanzes"	Tomiño, IES
Ferrol, "Santa Xoana Lestonac"	Vigo, IB n.º 11 "Coruxo-Carrasqueira"
Neda, IESP	Vigo, IB n.º 11 "Meixoeiro"
Noia, Col. "María Assumpta"	Vigo, IES Vía Hispanidade
Noia, IESP	Vigo IFP n.º 5 "Ricardo Mella"
Oleiros, IESP	Vigo, IB n.º 6 "Meixoeiro"
Pontedeume, IFP	Vigo, IPFP
Ribeira, IFP	Vilagarcía, IFP
Santiago, IES "Sar"	Vigo, IPFP "Marítimo pesqueiro atlántico"
	Vilagarcía, IESP "Armando Cotarelo V."

<b>OURENSE</b> Allariz, IESP Ourense, IFP "A Farixa" Ourense, IFP "12 de outubro" Xinzo de Limia, IFP	<b>LUGO</b> Burela, IFP de R. de Lea Lugo, IESP "Sanxillao" Lugo, IPFP Lugo, Colexio Fingoy Monterroso, IESP Palas de Rei, IESP Pontenova, IESP Quiroga, IESP Ribadeo, IFP Viveiro, IFP
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

En canto ós contidos curriculares, no cadro seguinte recóllense as áreas que se imparten na ESO, precisando o número de horas semanais que lles corresponden para cada nivel dos dous ciclos.

### CADRO III.10

#### ÁREAS CURRICULARES DA ESO

Materias	Horas Semanais			
	1.º	2.º	3.º	4.º
Ciencias da Natureza (*)	3	3	3	3
Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	3	3	3	4
Educación Física	2	2	2	2
Educación Plástica e Visual (*)	3	—	2	3
Lingua Castelá e Literatura	3	3	3	3
Lingua Galega e Literatura	3	3	3	3
Linguas Estranxeiras	3	3	3	3
Matemáticas	4	4	3	3
Música (*)	—	3	2	3
Tecnoloxía (*)	3	3	3	3
Relixións/Act. Estudio (a elixir)	2	2	2	1
Materiais optativas (**)	2	2	2	6
Titorías	1	1	1	1

(\*): No 4º curso, o alumno elixirá dúas materias de entre esas catro.

(\*\*): Unha materia optativa en 1º, 2º e 3º, e dúas en 4º. Pódese escoller entre as seguintes:

- Segunda Lingua Estranxeira.
- Cultura Clásica.
- Técnicas de Expresión Escrita.
- Iniciación Profesional á Electricidade e á Electrónica.
- Ciencias Medioambientais e da Saúde.
- Optativa ofertada polo centro.



Posiblemente a innovación máis relevante sexa a introducción da área de tecnoloxía. A través desta área preténdese a introducción dunha formación profesional de base, co obxectivo de dotar a esta etapa dun dobre carácter, académico e pre-profesional. Responde isto á dobre finalidade propedéutica e terminal da etapa. Pola primeira, a ESO debe preparar ó alumnado para o acceso á secundaria pos-obrigatoria. Pola segunda, dotarlle dunha formación adecuada para o acceso ó mundo laboral. A introducción da área de tecnoloxía implica a dotación dunha infraestrutura adecuada de talleres pre-profesionais en tódolos centros, e moi particularmente naqueles, como os que ata o de agora impartían exclusivamente bacharelato, que non dispuñan de ningún tipo de talleres. Respecto disto, cóstanos que efectivamente tódolos centros que están a implantar anticipadamente a ESO recibiron dotación en infraestrutura para talleres, se ben, como veremos en 2.4, non todos consideran completamente satisfactoria a dotación recibida.

As materias optativas serán unha en 1º, 2º e 3º, e dúas en 4º. A Consellería de Educación propón unha lista de seis materias entre as cales os alumnos poderán escoller. Destas, dúas son de oferta obrigatoria (segunda lingua estranxeira e cultura clásica) e concédese ó centro a facultade de poder ofertar unha optativa propia. As optativas explicitamente recomendadas pola Consellería de Educación, para o seu ámbito territorial de competencia, son:

- Segunda Lingua Estranxeira.
- Cultura Clásica.
- Técnicas de Expresión Escrita.
- Iniciación Profesional á Electricidade e á Electrónica.
- Ciencias Medioambientais e da Saúde.

No dito ata aquí, salientouse especialmente o referido á implantación anticipada do segundo ciclo da ESO, porque se ten observado, como xa quedou sinalado nun principio, que este proceso de anticipación da implantación pode estar a dificultar a percepción do carácter de nova etapa da ESO, sendo como é este cambio un dos máis significativos na modificación estrutural derivada da LOXSE.

Aínda que tamén se dan casos de anticipación do primeiro ciclo, isto estase a facer nun número de centros moito máis reducido. No curso académico 1992/93 tan só en sete centros de toda Galicia foi autorizada a implantación deste primeiro ciclo, dos cales tres da provincia da Coruña, un de Lugo, e tres de Pontevedra. Unha vez máis, chama a atención que a provincia de Ourense quede fóra deste proceso. Por outra parte, tan só un destes centros non coincide cos centros que implantan o segundo ciclo. Trátase do Colexio Público de EXB de Chans-Bembibre, na provincia de Pontevedra. Atenúase así outro dos riscos que foron inicialmente sinalados: o de que se interpretase esta nova etapa como un simple cambio nominal. Mantendo prioritariamente o criterio de que esta nova etapa se aplique en centros de secundaria, a percepción da diferenza da nova etapa con respecto á EXB é polo menos exteriormente visible.

Entendemos que, polo seu propio carácter de etapa de nova creación, era razoable esperar que a súa implantación suscitase problemas en toda a comunidade educativa. Por iso mesmo deberían extremarse, por parte da Administración educativa, as medidas tendentes a prestar ó profesorado toda a axuda necesaria para facilitarlle a transición das vellas estruturas ás novas. Un exemplo destes problemas evidenciouse no caso da Circular 1/1993 das Direccións Xerais de Ensinanzas Medias e Formación Profesional sobre a avaliación na educación secundaria obrigatoria. As numerosas dúbidas orixinadas con respecto á interpretación desa circular, obrigou ás citadas Direccións Xerais a emitir unha nova Circular -a número 4/1993- para resolver aquelas dúbidas. As máis destas dúbidas parecen responder ó desconcerto dos pais e nais, compartido polo profesorado, por non coñecer con exactitude as equivalencias entre os novos estudos e os vellos.

Así, varias das dúbidas refírense ós problemas de promoción académica entre cursos e ciclos, e a posibilidade de transitar desde a nova etapa ó BUP. Neste sentido, o punto sexto da Circular é particularmente claro: "establécense as equivalencias dos cursos do Sistema Educativo que se extingue cos do novo Sistema coa finalidade de que os alumnos poidan continuar os seus estudos nos novos planos,

pero non á inversa. É dicir, non se pode acceder desde o novo plano de estudos ós cursos en vías de extinción." En consecuencia, un alumno ou alumna non poderá acceder, agás en casos excepcionais (traslado de residencia dos pais ou titores, resultando imposible a continuación dos estudos no novo plano), desde o terceiro curso de ESO ó segundo de BUP.

Que o carácter de etapa única da ESO non é aínda claramente percibido polo propio profesorado, pono de relevo o feito de que, na mesma Circular, as Direccións Xerais asinantes se vexan na obriga de precisar que os alumnos que procedan de terceiro da ESO non necesitarán formalizar nova matrícula para acceder a cuarto no mesmo centro educativo.

Respecto á avaliación, que é cualificada como continua, integradora e diferenciada por áreas e materias optativas, especifícase que ha ser realizada de xeito colexiado polo conxunto de docentes de cada grupo de alumnos e alumnas, coordinados polo profesor ou profesora titor/a. Os documentos de avaliación son diferenciados en oficiais e auxiliares. Son documentos oficiais, o expediente académico, o libro de escolaridade, as actas de avaliación final e os informes de avaliación individualizados. Son documentos auxiliares, os rexistros de avaliación parcial e a acta parcial de área. Os resultados da avaliación deberán expresarse nos termos habituais de Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable e Sobresaliente.

Unha das partes que ten xerado máis dúbidas é a relativa á promoción do alumnado entre cursos e ciclos. O punto 5.1 da Circular 1/1993 determina, seguindo o disposto polo artigo 11.2 do Real Decreto 1007/1991 do 14 de xuño, que "a decisión de que un alumno permaneza un ano máis nun ciclo ou curso poderá adoptarse unha soa vez, ben ó termo do primeiro ciclo ou ben ó termo dun dos cursos do segundo ciclo". Non obstante, no punto 5.2 sinálase que, excepcionalmente, os alumnos maiores de dezaseis anos que xa teñan repetido un curso, poderán, "oídos o alumno e os seus pais e previa avaliación psicopedagóxica do alumno e informe da Inspección Educativa", seguir un "programa de diversificación curricular individualizado" orientado a garantir que alcance as capacidades xerais da etapa. O 5.3, pola súa parte, admite que o equipo de profesores, "oídos o alumno e os seus pais", poderá decidir que o alumno permaneza unha segunda vez ó final dun ciclo ou curso distinto.

Foi este punto o que motivou unha das dúbidas, seguramente procedente do profesorado, que é resolta na Circular 4/1993: a de se a opinión dos pais ou titores legais dos alumnos ou alumnas debe contar á hora da decisión sobre a repetición ou promoción de curso. Especifícase claramente nesta segunda circular que esa decisión corresponde exclusivamente ó equipo de avaliación, formado polo profesorado do grupo de alumnos de que se trate. Unicamente é preceptivo oír-la opinión dos pais ou titores legais. Por outra parte, tamén nesta segunda circular, aclárase que o alumno que non promociona debe repeti-lo curso completo, e non só aquelas áreas ou materias cualificadas negativamente.

Outra das cuestións que ten suscitado máis debates desde o inicio foi a titulación única ó remate da ESO. No artigo 7 da Circular 1/1993 determínase que os alumnos que alcancen os obxectivos previstos ó termo da educación secundaria obrigatoria recibirán o título de Graduado en Educación Secundaria. Especifícase tamén que o título poderá ser obtido por alumnos que, aínda sendo avaliados negativamente nalgúns áreas ou materias, o equipo de avaliación xulgue que obtiveron en termos globais os obxectivos establecidos para a etapa. Saliéntase unha interpretación propedéutica da etapa ó precisar que eses obxectivos se considerarán alcanzados cando "o alumno consiga as capacidades que lle permitan proseguir os seus estudos nalgúna das modalidades de Bacharelato e/ou na Formación Profesional específica de grao medio."

Non parece superflua a insistencia que se fai, no punto 9, sobre o carácter confidencial e non vinculante do consello orientador sobre o futuro académico e profesional do alumno, que deberá ser asinado polo titor co visto bo do director. É evidente que a publicidade dun tal "consello" podería moi ben acabar por se trocar nunha potencial dobre titulación, que viría a negar definitivamente o carácter comprensivo que a LOXSE atribúe ó ensino secundario obrigatorio.

**O Consello Escolar de Galicia insiste na imperiosa necesidade de que se intensifique por tódolos medios posibles o labor de promoción-información do profesorado en todo o relacionado cos aspectos innovadores implicados no novo modelo educativo. A formación do profesorado neses aspectos está chamada a xogar unha importancia decisiva.**

Neste sentido, o Consello constata que as circulares dirixidas ó profesorado seguen a destaca-los aspectos máis continuistas da avaliación (os relacionados co apartado burocrático cualificador do alumno), omitindo o que debería facer relación máis directa coa avaliación dos propios docentes, así como dos recursos e metodoloxías empregadas. Cómpre ter en conta ademais que os hábitos avaliadores arraigados no profesorado vense de cotío reforzados por expectativas dos pais, de nais, do propio alumnado, amén de favorecidos pola mesma inercia do sistema.

**O Consello Escolar manifesta tamén a súa preocupación por se dúas horas semanais dedicadas ás materias optativas son suficientes para conseguilo obxectivo que se persegue: o tratamento da diversidade. En todo caso, debería equilibrarse esta oferta coa necesaria comprensividade que impregna toda a etapa.**

#### *2.2.6. Os módulos profesionais.*

En canto á formación profesional, a súa transformación e, en certo modo, rehabilitación social, é presentada como un dos grandes obxectivos da reforma. Sen embargo, neste eido é seguramente onde a desorientación, e conseguinte intranquilidade, entre o profesorado, e a comunidade educativa en xeral, é maior. Segundo as equivalencias xa establecidas pola LOXSE, e precisadas nos Reais Decretos 986/1991 e 535/1993, a actual FP. 1 pasa a ser integrada na futura ESO como formación profesional de base, mentres a FP. 2 desdobrarase nunha formación profesional específica de grao medio e outra de grao superior, estruturadas segundo a fórmula dos módulos profesionais.

Ata o momento no que foi redactado o presente informe, o desenvolvemento lexislativo sobre a nova formación profesional permanecía practicamente paralizado, tanto a nivel do Estado coma da nosa Comunidade Autónoma. Cómpre, pois, remitirse ó que aparece recollido na LOXSE para debuxalo panorama do que quere se-la nova concepción desta etapa dos estudos secundarios post-obrigatorios.

As finalidades básicas que a LOXSE atribúe á formación profesional son a preparación dos xoves para a actividade nun campo profesional, capacitándoos para o desempeño cualificado das distintas profesións, atendendo ás demandas de cualificación do sistema productivo.

En relación coa vella formación profesional, dúas parecen se-las notas máis diferenciadas. A primeira, o carácter de formación polivalente que se atribúe ós novos estudos. Preténdese así dar resposta á gran variabilidade que caracteriza ó actual mercado laboral. E isto nun dobre sentido: por unha parte, en canto é difícil, senón imposible, planificar a longo prazo as demandas profesionais específicas dun sistema productivo caracterizado por constantes innovacións tecnolóxicas; por outra, relacionado co anterior, porque no futuro previsiblemente a maioría dos profesionais deberán adaptarse, ó longo da súa vida laboral, ó exercicio de diversos cometidos profesionais.

A segunda nota diferenciadora da nova formación profesional é o absoluto predominio dunha orientación cara á adquisición de competencias profesionais, tratando de eludir un dos defectos máis xeralmente atribuídos á antiga formación profesional, isto é, o excesivo academicismo. O concepto de competencia profesional, entendido como conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes adquiridos a través de procesos formativos e, no seu caso, experiencia laboral, é unha das contribucións da nova formación profesional.

A formación profesional específica, como xa adiantamos, estará estruturada en dous niveis de cualificación:



— Formación profesional específica de grao medio, ou nivel 2.

Accederase a ela mediante o título de Graduado en Educación Secundaria. A súa superación permite obter o título de técnico nunha determinada profesión, mediante o cal o titulado poderá ver facilitado o seu acceso ó mundo laboral, ou ben ó bacharelato. Dependendo do título profesional obtido, ó alumno ou alumna poderanlle ser validadas determinadas materias no bacharelato.

— Formación profesional de grao superior, ou nivel 3.

Accédese mediante o título de bacharel. Nalgún caso pode ser requirido ter cursada determinada modalidade de bacharelato, ou certas materias optativas. Superados estes estudos, os alumnos ou alumnas obterán o título de técnico superior na correspondente profesión.

Cabe tamén a posibilidade de acceder a calquera dos dous graos da formación profesional, á marxe das titulacións esixidas con carácter xeral, mediante a superación de probas específicas de acceso.

A formación profesional específica é denominada así para diferenciala da formación profesional básica que recibirán tódolos alumnos e alumnas durante a educación secundaria obrigatoria. A formación profesional específica estará estruturada en ciclos formativos de organización modular e duración variable, constituídos por áreas de coñecementos teórico-prácticas en función dos diversos campos profesionais.

Unha das innovacións máis relevantes é que, no futuro, segundo establece o artigo 34.2 da LOXSE, a formación en centros de traballo deberá incorporarse de maneira obrigatoria ó currículo da formación profesional específica. Deste xeito, subsanarase un dos defectos atribuído ó chamado modelo de prácticas en alternancia, isto é, o carácter voluntario das prácticas en empresas. O novo modelo concíbese como un módulo profesional -módulo profesional FCT, "formación prácticas en centro de traballo"- que será incluído obrigatoriamente nos ciclos formativos de calquera titulación.

Os módulos profesionais que comezaron a ser experimentados, en todo o territorio estatal, no curso 1986/87, deberán constituí-la base experimental sobre a que serán deseñados os chamados ciclos formativos de formación profesional. Estes ciclos formativos organízanse en familias profesionais. No ano 1993 estaba prevista a presentación de ata vintetrés familias profesionais, e no 1994 prevense tres máis.

No ámbito de competencia do Ministerio de Educación téñense experimentado cincuenta e sete módulos profesionais, pertencentes a dezaseis familias. O aumento do alumnado foi constante, alcanzando no curso 1992/93 un total de 22.714, en todo o Estado. Non obstante, esta cifra só fai o 0,9 % do alumnado de ensinanzas medias e ensinanza secundaria, mentres o alumnado da vella formación profesional (I e II) constitúe aínda o 33,6 %. En Galicia, no mesmo curso 1992/93, foron 734 os alumnos de módulos profesionais, dos cales 364 de nivel 2 e 370 de nivel 3. O alumnado da vella formación profesional sumou un total de 61.465 alumnos e alumnas.

Na Comunidade Galega, na actualidade estanse a experimentar vintetrés módulos diferentes, de once familias. No cadro adxunto III.11 recóllense os módulos profesionais que foron autorizados para a súa experimentación durante o curso 1992/93, así como os centros educativos onde foron aplicados.

Como pode observarse, moi poucos son experimentados en máis dun centro:

— Auxiliar de Administración e Xestión: en 6 centros.

— Explotacións Agropecuarias: en 3 centros.

— Instalador Mantedor Eléctrico, Comercio Exterior, Actividades Físicas e Animación Deportiva, Auxiliar de Enfermería, Administración de Empresas e Xardineiro Productor de Plantas: 2 centros.

Integrados por familias profesionais, os módulos experimentais que se están a aplicar en Galicia presentan a seguinte distribución:

- Administración e Xestión: 10 módulos experimentais.
- Agricultura e Gandería: 7.
- Electricidade e Electrónica: 5.
- Mecánica Industrial, Servicios Socioculturais: 3 en cada caso.
- Comercio e Marketing, Imaxe e Son, Sanidade: 2 en cada caso.
- Construcción, Estética Persoal, Artes Gráficas: 1 en cada caso.

### CADRO III.11.

#### MÓDULOS PROFESIONAIS AUTORIZADOS EN GALICIA PARA O CURSO 1992/93

<u>CENTRO</u>	<u>MÓDULO</u>	<u>Nivel</u>
Arzúa, IFP	Xardineiro Productor de Plantas	2
Betanzos, IFP	Auxiliar de Administración e Xestión	2
	Instalador Mantedor Eléctrico	2
Cariño, IFP	Auxiliar de Administración e Xestión	2
	Instalador Mantedor Eléctrico	2
A Coruña, IFP "Fernando Wirtz"	Auxiliar de Administración e Xestión	2
	Comercio Exterior	3
	Delineación Industrial	3
A Coruña, IPFP "Diego Delicado"	Mantemento e Operación Técnica de Equipos de Radio e Televisión	3
A Coruña IFP "Someso"	Operador de Máquinas e Ferramentas	2
A Coruña IFP "Monte Alto"	Educador Infantil	3
A Coruña, Escola de Imaxe e Son	Operacións de Imaxe e Son	3
	Realización, prod. e oper. de progr. audiovis	3
Coruña, Col. "Liceo La Paz"	Actividades Físicas e Animación Deportiva	3
Culleredo IESP	Mantemento en Instalación e Servicos	3
Ferrol, IFP "Roberto Vidal"	Auxiliar de Enfermería	2
Guísamo, Centro de Capac. Agraria	Horticultura	2
	Xardineiro Productor de Plantas	2
Ribeira, IFP	Auxiliar de Administración e Xestión	2
Santiago, Delta-Tor	Auxiliar de Comercio Interior	2
Santiago, IFP "Lamas do Abade"	Auxiliar de Enfermería	2
Santiago, I. Politécnico	Sistemas automáticos e programables	3
Sergude, Centro de Capac. Agraria	Explotacións Agropecuarias	2

<u>CENTRO</u>	<u>MÓDULO</u>	<u>Nivel</u>
Becerreá, Centro de Capac. Agraria	Explotacións Agropecuarias	2
Lugo, IFP "As Mercedes"	Carrocería	2
Lugo, IFP "A Piringalla"	Auxiliar de Administración e Xestión Administración de Empresas	2 3
Monforte, Centro de Capac. Agraria	Explotacións Agropecuarias	2
Sobradelo, Esc. de Coloc. de Lousa	Cubrición de edificios: Lousa	2
Cangas, CSEP	Actividades Físicas e Animación Deportiva	3
Marín, IFP	Comercio Exterior	3
Ponteareas, IFP "A Granxa"	Hortofructicultura	3
Pontevedra IFP "Monteporreiro"	Auxiliar de Administración e Xestión Administración de Empresas Secretariado Executivo Multilíngue	2 3 3
Vigo, I. Politécnico	Fabricación Mecánica Sistemas automáticos e programables	3 3
Vigo, IFP de Teis	S. Peiteado	2
Vigo, Col. Fogar "San Roque"	Reproducción Fotomecánica	2

Un estudio que garda algunha relación con este asunto foi o promovido pola Consellería de Educación, desenvolvido durante os últimos meses de 1992 e feito público en 1993, dirixido a detectar as dificultades de acceso ó mundo laboral dos titulados de formación profesional, por unha parte, e a percepción do valor deses estudos por parte das empresas, por outra. Neste estudio, foron entrevistados dous mil xoves que remataran os seus estudos de 17 ramas de FP durante o ano 1987, e enquisadas 422 empresas. O 27 % dos enquisados estaban en paro no momento da entrevista, sendo este máis elevado entre as mulleres que entre os homes: unha de cada tres mulleres entrevistadas estaban en paro, e só un de cada cinco homes. Por outra parte, e directamente relacionado co tema que viñamos analizando, as empresas consideraban que as ramas de formación profesional de maior demanda nun futuro inmediato haberían de ser: administrativo-comercial, electricidade-electrónica, metal, automoción e sanitaria.

Este mesmo estudio evidenciaba unha significativa resistencia do mundo empresarial á colaboración co sistema educativo. O 52 % das empresas que responderon ó cuestionario aseguraron descoñecer os programas de prácticas en alternancia, e un 31,5 % afirmaron que non pensaban contratar a titulados de FP no futuro. As empresas do sector de servizos, con máis de 50 traballadores, dicían inclinarse a contratar licenciados en BUP con preferencia a especialistas titulados de FP.

A implicación do mundo empresarial, como tamén do sindical, no deseño das novas titulacións, é unha das previsións do Programa Nacional de Formación Profesional, que deberá desenvolverlo capítulo cuarto da LOXSE. Este programa pretende integrar os dous subsistemas actuais da formación profesional, a regulada, e a ocupacional, ata o de agora enteiramente autónomos e xestionados, respectivamente, polo Ministerio de Educación e o Ministerio de Traballo. No futuro, os dous traballarán de modo unitario dentro do marco do Plano do Consello Xeral da Formación Profesional. No Consello Xeral da Formación Profesional participan conxuntamente a Administración -central e autonómicas-, representantes sindicais e representantes empresariais.

A planificación da oferta formativa, e polo tanto o estudio dos ciclos formativos e titulacións máis axeitados segundo as características socioeconómicas das zonas onde serán situados, recaerá nas Comisións de Formación Profesional, nas que tamén participan a Administración e os axentes sociais. No ámbito territorial do Ministerio de Educación téñense creado xa comisións provinciais, mentres as Comunidades Autónomas constituirán as súas propias comisións autonómicas.

En relación con esta cuestión, a Orde de 23 de xullo de 1992 da Consellería de Educación (DOG do 25 de agosto) convocou licencias de formación en empresas ou institucións destinadas á especialización e actualización tecnolóxico-práctica de profesores de formación profesional (ver 3.2). Estas licencias de formación adoptan a modalidade de estadias do profesorado que se pretende formar ou reciclar, en centros de traballo, polo que parecen particularmente idóneas para facilitar a futura colaboración entre os centros educativos e as empresas. As licencias, que tiñan un período de un a tres meses, podían ser de dúas modalidades. A primeira, determinaba as empresas colaboradoras, que eran dúas do sector bancario -Banco Pastor e Caixa Galicia- e unha da industria do automóbil -Citroen Hispania, S.A-. A segunda, deixaba ó profesorado liberdade para concertar coas empresas da súa elección o contido e duración da estadia formativa.

Tamén os intercambios promovidos dentro do programa PETRA, financiado con fondos comunitarios, contribúen a remover posibles inercias do profesorado de formación profesional, dándolle a posibilidade de establecer proxectos de intercambio de experiencias entre centros educativos de diversos países europeos. Un dos obxectivos -que forma parte tamén dos obxectivos xerais contemplados na reforma da formación profesional- é achegar e finalmente equiparar as distintas modalidades de formación profesional dos países da Comunidade Europea, ata conseguirla máis exacta harmonización das actualmente moi desemeillantes titulacións e planos de estudio, tal como se prevé na Acta Única Europea, asinada en 1986, e no Tratado de Maastricht.

**O Consello Escolar de Galicia quere lembrar algo que xa se ten sinalado repetidamente: que unha dependencia moi estreita do sistema educativo respecto do productivo pode converterse doadamente en factor reforzador das desigualdades económicas entre as rexións. E, pola contra, a intervención educativa, sempre que respecte unha imprescindible adecuación ás previsións sobre o futuro desenvolvemento económico, pode moi ben actuar como instrumento complementario de dinamización social e transformación económica. Estas consideracións son ademais singularmente pertinentes no contexto dunha sociedade cunha estrutura económica dependente e con trazos de subdesenvolvemento, como é a nosa.**

**O Consello Escolar descoñece, en todo caso, se houbo ou non algún estudio previo con vistas a seleccionar os módulos profesionais considerados máis idóneos, de acordo coas características actuais do sistema productivo en xeral, e do contorno productivo galego en particular. Tampouco sabemos se se ten feito algún tipo de seguimento dos titulados para determinar en que medida o título obtido lles permite acceder ó mundo laboral.**

### *2.2.7. Os novos bacharelatos.*

A Sección Segunda do Capítulo Terceiro da LOXSE regula o novo bacharelato, que haberá de substituír ó actual B.U.P. Este novo bacharelato, que comprenderá dous cursos académicos, presentará catro modalidades:

- Artes.
- Ciencias da Natureza e da Saúde.
- Humanidades e Ciencias Sociais.
- Tecnoloxía.

As materias que comporán o currículo de cada unha destas modalidades poden ser agrupadas nestes tres tipos:

- Materias comúns a tódalas modalidades.
- Materias propias de cada modalidade.
- Materias optativas de cada modalidade.

No cadro adxunto, III.12, pode observarse a totalidade destas materias, distribuídas segundo modalidades.

**CADRO III.12**

**MODALIDADES DO BACHARELATO**

	Ciencias da Natureza e da Saúde	Tecnoloxía	Humanidades e Ciencias Sociais	Arte
<b>1.º</b>	Educación física-Filosofía-Lingua Castelá e Lit.-Lingua Galega e Lit.-Lingua Estranxeira-Relixión/ Actividades de estudo			
<b>C</b>	Matemáticas I Física e Química Bioloxía e Xeoloxía	Matemáticas I Física e Química Tecnoloxía Industrial I	Historia do Mundo Contemporáneo Latín/Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I Grego/Economía	Debuxo Artístico Volume I Fundamentos de Deseño Debuxo Técnico (escoller 3)
<b>U</b>				
<b>R</b>				
<b>S</b>	Tecnoloxía Industrial I Economía 2ª Lingua Estranxeira I Música I	Bioloxía e Xeoloxía I Economía 2ª Lingua Estranxeira I Música I	Literatura Galega Ética ou Filosofía do Dereito 2ª Lingua Estranxeira I Música I	Matemáticas da forma Taller artístico I 2ª Lingua Estranxeira I Música I
<b>O</b>				

	Opción A	Opción B	Opción A	Opción B	Opción A	Opción B	Opción A	Opción B
<b>2.º</b>	Historia - Lingua Castelá e Literatura - Lingua Galega e Literatura - Lingua Estranxeira							
<b>C</b>	Matemáticas II Física Debuxo Técnico /Bioloxía	CC. da Terra e do M. Ambiente Química Bioloxía	Matemáticas II Física Debuxo Técnico	Tecnoloxía Ind. II Electrotecnia Mecánica	Latín II Hª da Filosofía Historia da Arte	Matemáticas Apl. ás CC.SS. II Xeografía Economía e Org. de empresas	Debuxo Artístico II Imaxe Téc. Expr. gráf.-plást. Historia da Arte (escoller 3)	
<b>U</b>								
<b>R</b>								
<b>S</b>	Química Tecnoloxía Industrial II Xeoloxía Estatística 2ª Lingua Estranx. II Música II	Matemáticas II Física Estatística 2ª Lingua Estranx. II Música II	Química Tecnoloxía Industrial II Xeoloxía 2ª Lingua Estranx. II Música II	Matemáticas II Física Química 2ª Lingua Estranx. II Música II	Grego II Literatura Universal Hª da Xeografía de Galicia 2ª Lingua Estranx. II Música II	Latín II Introd. ás CC. Políticas e Soc. Hª da Xeografía de Galicia 2ª Lingua Estranx. II Música II	Volume II Taller artístico II 2ª Lingua Estranx. II Música II	
<b>O</b>								



O BOE do 21 de outubro de 1992 publicaba o Real Decreto 1178, do 2 de outubro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas dos novos bacharelatos. Con esa mesma data o Ministerio de Educación e Ciencia facía público tamén o currículo das catro modalidades de bacharelato, que deberá ser seguido polos centros, do seu ámbito de xestión, que poidan adopta-la implantación anticipada do novo bacharelato.

**O Consello Escolar de Galicia considera que comenza a ser urxente que se presente, por parte da Consellería, o currículo que debe rexer nos centros que imparten en Galicia o novo bacharelato, por máis que parece inmediata a publicación dos DCB por parte do Gabinete para a Reforma.**

**Resulta igualmente negativo que no momento actual non se estea a experimentar en Galicia o bacharelato en Artes.**

### 2.3. OS CONTIDOS TRANSVERSAIS

No apartado 1.7.4 do DCB de educación primaria, afírmase que a organización dos contidos da aprendizaxe escolar vaise modificando en función dos cambios do sistema educativo "*inducidos polas esixencias do modelo de sociedade que o promove*". Como consecuencia, díse, "*os contidos adquiren cada vez máis un carácter totalizador e complexo*". Saliéntanse finalmente seis contidos, respecto dos cales presuponse unha particular sensibilidade social nos últimos anos, e que en consecuencia deberían "*impregna-la actividade educativa no seu conxunto*". Por esa razón estes contidos non constitúen áreas propias, senón que deberán ser contemplados en tódalas áreas, en tanto obxectivos da ensinanza-aprendizaxe, e en tanto obxecto de avaliación.

Estes contidos, que por adoptar ese carácter, son denominados transversais, son:

- Educación para a saúde e a calidade de vida.
- Educación ambiental.
- Educación para a paz.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Educación para o consumidor.
- Educación para o lecer.

Recollemos de seguido as iniciativas máis salientables que a Administración educativa ten desenvolvido nesta dirección. Observarase que, segundo os datos que podemos recabar, só tres dos seis contidos transversais parecen ter sido obxectos de programas de actuación especial por parte da Consellería de Educación. Cabe dicir, non obstante, que nos Planos Anuais de Formación do Profesorado se presta unha atención específica á transversalidade, como se poderá ver na análise dos contidos deses Planos que se fai en 3.1.

#### 2.3.1. A educación para a saúde.

O 11 de novembro de 1992 as Consellerías de Educación e de Sanidade asinaron un convenio de colaboración polo que se puxo en marcha un Programa de Educación para a Saúde. O programa prevé unha fase de experimentación durante os cursos 1992/93 e 1993/94, que concluiría nunha fase de xeneralización a partir do ano 1996. O financiamento previsto supón 50 millóns de pesetas, dos cales 35 son achegados por Sanidade e 15 por Educación.

Este programa, dirixido a docentes e centros educativos de tódolos niveis non universitarios, contempla tres subprogramas:

- a) Sensibilización.
- b) Apoio a experiencias.
- c) Organización de centros pilotos.

Tres son tamén os eixes das actividades do programa:

- a) Formación do profesorado.
- b) Elaboración de materiais didácticos.
- c) Creación de soportes organizativos.

En canto ós contidos, sinaláanse: prevención da drogodependencia, nutrición, saúde bucodental, sida e prevención en xeral.

Durante o curso 1992/93 (único ata o de agora no que este Programa de Educación para a Saúde chegou a ser posto en práctica), desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Cursos de formación do profesorado: once cursos sobre o tema "Prevención de drogodependencias", ós que asistiron 330 docentes, e dous cursos sobre "Alimentación e nutrición", cunha asistencia de sesenta docentes.
- Selección de dous centros -"Emilia Pardo Bazán" da Coruña, e "Froebel" de Pontevedra- que están a desenvolver de xeito experimental proxectos educativos promotores de saúde.
- Elaboración, edición e distribución dos seguintes materiais didácticos: *Manual de saúde bucodental*, *Cadernos de saúde bucodental* (n<sup>os</sup> 0, 1, 2, 3, 4, 5 e 6) e *Guía: A experiencia de educar para a saúde na escola*. Reeditáronse os materiais de *Prevención da sida*.
- Concedéronse axudas económicas a proxectos de investigación educativa relacionados co tema de educación para a saúde (estas axudas foron integradas, non obstante, na partida de axudas a proxectos de investigación e innovación educativa en xeral).

O Programa de Educación para a Saúde parece continuación dun programa anterior ata entón desenvolvido en exclusiva por iniciativa da Consellería de Sanidade. Así, cando a comezos de febreiro de 1992 se anuncia por primeira vez ós medios de comunicación a inmediata elaboración deste programa, foi presentado polas autoridades de Sanidade como continuación dun programa previo da Subdirección Xeral de Saúde Pública, a partir do cal se organizaran ó longo do curso 1991/92 cinco cursos de formación do profesorado, dos que se derivaran a constitución de varios seminarios permanentes sobre temas relacionados coa educación para a saúde. No contexto desa mesma conferencia de prensa, Sanidade fala da creación dunha futura "rede de centros promotores da saúde". Interpretamos que os dous centros máis arriba citados, nos que se están a experimentar proxectos educativos promotores de saúde, deberían se-lo inicio desa suposta futura rede.

### **2.3.2. Educación para o consumo.**

A Consellería de Educación, neste caso en colaboración fundamentalmente coa Consellería de Industria, ten desenvolvido programas de formación do consumidor na escola, ó longo dos cursos 1991/92 e 1992/93. Por medios destes programas, segundo a fórmula adoptada pola propia Consellería de Educación na presentación do programa, trátase de poñer a disposición do alumnado instrumentos de análise e crítica que lles permita adoptar unha actitude persoal fronte ás ofertas que lles propón a sociedade de consumo.

### **2.3.3. Educación ambiental.**

No *Informe de balance de Lexislatura* presentado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Parlamento de Galicia a inicios de 1993, afirmase que a Consellería ten participado en actividades de planificación e coordinación de Educación Ambiental, como cursos e xornadas de for-



mación para o profesorado, nos que terían participado, desde o curso 1990/91, máis de 500 docentes. Complementaríanse estas actividades, con outras de asesoramento ó profesorado e sensibilización do alumnado, mediante o envío ós centros educativos de material didáctico.

Por outra parte, no mesmo informe faise referencia á redacción do proxecto de DCB da asignatura optativa "Ciencias Medioambientais e da Saúde", que se imparte no segundo ciclo da ESO. Naturalmente, isto, que en principio pode tomarse por positivo, pode tamén ser un recoñecemento implícito do fracaso da transversalidade. Como se dixo máis arriba, a concepción transversal supón a superación do currículo estrictamente disciplinar. Trocar un dos eixes transversais, como é o da educación ambiental, nunha disciplina máis, supón un certo abandono daquela concepción, que sería total se fose acompañado dunha renuncia a potencia-lo seu papel integrador nas restantes áreas e disciplinas.

**O Consello Escolar maniféstase preocupado polo risco de que a integración transversal dos contidos poida quedar de feito reducida a meras declaracións retóricas e boas intencións. Por unha parte, a inercia do profesorado, afeito ó tradicional modelo compartimentado do ensino disciplinar; por outra, a tamén tradicional prioridade que se concede ós contidos conceptuais, pode facer que estes novos contidos, que rompen con aquela compartimentación, e fan preferentemente referencia a valores e actitudes, rematen por quedar marxinados das prácticas dominantes da maioría dos ensinantes.**

**Neste sentido, resulta imprescindible un decidido esforzo na formación do profesorado, con vistas a remover aquelas inercias e garanti-la operatividade dos novos contidos.**

### III.3. FORMACIÓN DO PROFESORADO

---

#### 3.1. Planos Anuais de Formación do Profesorado.

No ano 1990 foi aprobado o documento "Formación continuada do Profesorado de Niveis non Universitarios na Comunidade Autónoma Galega" que é o marco de referencia dos Planos Anuais de Formación do Profesorado que desde entón veñen sendo aprobados.

O Plano de Formación do Profesorado para o curso 1992/93 implicou importantes variacións con respecto ós Planos anteriores. Supuxo a definición dun "modelo descentralizado", articulado en "tres ámbitos de planificación interrelacionados": "ámbito comarcal, caracterizado por un principio de autonomía", "ámbito provincial, dotado dun carácter equilibrador", e "ámbito xeral, cun valor de cohesión e coherencia". Nesa dirección, dotouse ós CEFOCOP -que precisamente nese curso adquirían por vez primeira a súa plena posta en marcha- dunha importante autonomía, responsabilizándoos de determina-las necesidades de formación, e de satisfacelas, no seu ámbito de influencia.

Esta concepción descentralizada implica que a elaboración dos planos de formación han seguir un proceso, que pasa por:

1. Detección das necesidades de formación do profesorado dos centros educativos. Esta é función dos asesores dos CEFOCOP.
2. Análise desas necesidades, tendo en conta tanto o expresado polo profesorado coma as liñas prioritarias de intervención en campos de formación, que son definidas tanto a nivel local, coma comarcal, provincial e nacional.
3. Concreción das actividades, que tomarán en consideración tamén a distribución de recursos de que se dispoña a cada nivel.
4. Divulgación e difusión dos Planos Provinciais de Formación.

O Plano de Formación do Profesorado presentouse, pois, para o curso 1992/93, baixo a forma de catro Planos Provinciais, xestionados polos respectivos CEFOCOP (nas provincias da Coruña e Pontevedra, repartidos respectivamente en tres e dúas áreas de influencia). O incremento de cursos foi notorio: un total de 229, para os que se prevía unha asistencia duns 9.000 a 10.000 profesores. Aínda que non contamos con datos exactos do número de asistentes definitivo, sabemos que de novo a asistencia foi moi elevada, próxima ás previsións iniciais.

Houbo tamén incremento dos cursos relacionados cos cambios en organización de centros (xestión e dirección, acción tutorial, orientación educativa, elaboración de PEC e PCC): 26 cursos. En canto ós que gardan unha relación directa cos novos contidos curriculares, sumamos ata 86 cursos, o que fan un total de 112 cursos explicitamente dirixidos a atende-las necesidades de formación derivadas da reforma educativa. Superan, pois, o 40 % do curso precedente, aínda que non alcanzan o 50 %. Por áreas, a súa distribución é a seguinte:

- Educación Infantil: 6, sobre un total de 33 cursos.
- Educación Primaria: 27 sobre 54.
- Educación Secundaria: 19 sobre 63.
- EXB e Ensinanzas Medias: 9 sobre 32.
- Educación Especial: 2 sobre 5.
- Internivelar: 11 sobre 13.
- Formación Profesional: 7 sobre 33.

- Medios audiovisuais: 1 sobre 5.
- Áreas transversais: 11 sobre 11.

**O Consello Escolar de Galicia non pode menos que reitera-lo seu convencemento de que a formación continuada do profesorado resulta imprescindible se se quere un aceptable nivel de eficacia na reforma educativa. Cre, por conseguinte, que os investimentos neste campo concreto deben incrementarse.**

**Noutra orde de cousas, dentro deste capítulo e con vistas a estimular a participación do profesorado no proceso da súa formación continuada, considera que o labor divulgador dos programas de formación debe mellorar, sobre todo no sentido de facer máis explícitos os contidos dos cursos concretos que se programan.**

**Bótase igualmente en falta nos planos de formación un mecanismo avaliador que permita dalgún xeito determinar en que medida o plano é efectivamente eficaz en termos de cambio e mellora na acción pedagóxica dos docentes, así como na organización e xestión dos centros.**

### **3.2. Outros programas de formación do profesorado.**

Ademais dos cursos de formación, a Consellería de Educación prevé outras fórmulas de estímulo á formación do profesorado, que son:

- Seminarios Permanentes.
- Proxectos de Formación en Centros.
- Proxectos de investigación e innovación pedagóxicas.
- Proxectos de investigación na acción.
- Licencias, Axudas individuais, Axudas a MRPs, Axudas a Asociacións.

Estas modalidades fúndanse máis en procesos formativos horizontais, polo que parecen complementarse moi especificamente co modelo de novo profesional docente ó que semella aspirar a LOXSE, dotado de maior autonomía e cada vez máis próximo ó ideal de investigador na aula e deseñador do seu propio currículo, en interacción co resto do equipo educativo do seu centro, e aberto a intercambios mutuamente enriquecedores con outros docentes.

Tamén dentro do marco do Plano de Formación do Profesorado, a Consellería de Educación convocou, mediante Orde do 23 de xullo de 1992 (DOG do 25 de agosto) xa mencionada no apartado 2.2.6., licencias de formación en empresas ou institucións destinadas á especialización e actualización tecnolóxico-práctica de profesores de formación profesional. O número total de prazas convocadas foi vinte. Tal como sinala explicitamente a Orde, a finalidade destas licencias de formación, que adoptan a modalidade de estadías en empresas ou institucións, é a de estimular nos profesores da área tecnolóxico-práctica de formación profesional a especialización nunha determinada tecnoloxía vinculada ás novas profesións, ou a reciclaxe do profesorado de ramas que estean a experimentar unha baixa demanda social. Por outra parte, inclúese entre os considerandos da convocatoria a intención de propiciar o acercamento e cooperación entre o sistema educativo e o sistema productivo. Se se ten presente que as prácticas en empresas -con períodos de formación do alumnado alternados entre o centro educativo e centros de traballo colaboradores- é unha das innovacións máis salientadas da nova formación profesional, non hai dúbida de que esta modalidade de formación cobra gran relevancia para o profesorado desta etapa educativa.

**En relación coa xa expresada falta dun adecuado mecanismo avaliador da eficacia dos planos de formación do profesorado, o Consello Escolar constata con certa preocupación que non se convocaron no curso 1992-93 axudas para proxectos de investigación na acción, cando o feito é que este modelo de investigación parece acomodarse ben a un sistema de formación que combine o rigor no seguimento da acción formadora e a súa repercusión na aula, co estímulo da innovación curricular e metodolóxica desenvolvida polo propio docente.**

### **3.3. Programas especiais: o NMAI.**

Existen determinados programas que se manteñen á marxe -ou conservan certo grao de autonomía- da planificación global. É o caso, por exemplo, dos programas de formación en educación para a saúde, que xestionaba directamente a Consellería de Sanidade, ata o curso 1992/93.

Sen embargo, o caso máis relevante quizais sexa o denominado Programa Experimental de Novos Medios Audiovisuais e Informáticos (NMAI), do que só poderemos falar respecto das súas previsións de futuro, xa que a súa posta en marcha terá lugar no curso académico 1993/94.

O Proxecto Abrente é un proxecto de Informática Educativa, promovido desde a Dirección Xeral de EXB a partir do ano 1984. Este proxecto consta de catro niveis de actuación: equipamento informático, formación do profesorado, formación do alumnado e apoio á experimentación. Nos obxectivos xerais especificase a capacitación dos alumnos para interaccionar co ordenador a través de micromundos LOGO. En canto ó apoio á experimentación, o programa consolidou unha infraestrutura centralizada en catro Seminarios Permanentes dirixidos por un Coordinador Provincial. O programa explicitaba o obxectivo de chegar á totalidade de centros educativos de ensino básico, pero este obxectivo non foi aínda alcanzado.

En canto ó Proxecto Estrela, foi creado no ano 1988 pola Dirección Xeral de Ensinanzas Medias, baixo a coordinación do Servicio de Informatización da Consellería de Educación. Este programa contempla tamén unha dimensión de dotación de medios (máquinas e *software*) e outra de formación do profesorado, dirixida especificamente ós docentes da especialidade de Informática (FP) e das EATP de Informática de BUP. A partir de 1990, no marco deste programa, a Consellería de Educación patrocinou unhas Xornadas anuais sobre *Software* educativo, que se celebraron en Santiago cunha asistencia aproximada duns 600 profesionais do ensino, en cada unha delas.

A finais do curso 1992-1993, é presentado o Programa experimental de Novos Medios audiovisuais e informáticos (NMAI). Este programa é coordinado polos responsables da área de Novos Medios (Informática e Audiovisuais) do Gabinete de Estudos para a Reforma Educativa, mentres que a formación recaerá nos asesores técnico-pedagóxicos de informática e medios audiovisuais dos CEFO-COPs. A diferenza dos anteriores, o NMAI explicita no seu deseño o obxectivo de integra-los novos medios no marco da concepción curricular derivada da LOXSE.

O programa prevé a selección de 20 centros experimentais, para o curso académico 1993/94, incrementándose en igual número no curso seguinte. Estes centros recibirán unha dotación específica de recursos audiovisuais e informáticos, e serán escollidos entre os que están a aplica-la anticipación da ESO. O profesorado que acceda ós cursos de formación non terá por que pertencer necesariamente a estes centros, senón que se diferenciarán tres grupos: os dos centros con dotación especial, os dos centros con implantación anticipada da ESO, pero sen dotación, e os dos restantes centros educativos.

A modalidade de formación adoptada é a denominada por ciclos que, segundo definición do propio programa, reúne a triple característica de:

- Permitti-lo acceso do profesorado á mesma formación, con independencia do lugar xeográfico no que exerza a docencia.

- Dar liberdade ós asesores para distribuí-la formación ó longo do ciclo, ó tempo que lles ceden responsabilidades no deseño de aspectos dos cursos, en tanto que coordinadores.
- Dar continuidade á formación ó gradua-los obxectivos das áreas, fixando unha coherencia por ciclo, e determinando as condicións de acceso a cada novo obxectivo.

O programa, finalmente, formula os seus propios criterios e condicións de avaliación, incluíndo dous grupos de centros de control, que deberían permitir detecta-la eficacia, tanto do investimento en recursos, coma dos contidos dos ciclos formativos.

Os primeiros pasos dados para a posta en marcha do Programa de Novos Medios, a finais do pasado curso 1992/93, non estiveron exentos de tensións entre os coordinadores do Gabinete de Estudos para a Reforma, e os asesores dos CEFOCOPs que deberán responsabilizarse da execución dos cursos de formación. Estas tensións parecen resultado dunha certa contradicción entre o deseño fortemente centralizado do NMAI e a concepción descentralizada que caracteriza ós novos Planos de formación. O Programa de Novos Medios, que sen dúbida responde a un proxecto deseñado moi polo miúdo, no que está perfectamente prevista a avaliación do proceso e dos resultados, semella restrinxi-la autonomía na planificación das actividades de formación, que se concedía ós CEFOCOP.

**O Consello Escolar de Galicia estima importantísimo que se creen e sosteñan programas de formación en novas tecnoloxías. E, neste sentido, manifesta a súa preocupación porque algúns dos proxectos deseñados nos últimos anos (PANTEG, etc.) parecen ter sido prematuramente abandonados.**